

Importantes avances na Área Metropolitana de Vigo

Salvaterra abre o prazo de inscrición para o Enterro da Lamprea

Páxina 15

A alcaldesa do Porriño comprométese a acelerar a ampliación de Lonza

Páxina 23

Eurocidade Tui-Valença en FITUR

Páxina 33



■ Abel Caballero, alcalde de Vigo e o conselleiro Alfonso Rueda sellan o pre-acordo

Páxina 2

NUEVO AÑO CARGADO DE OFERTAS

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 • PONTEAREAS • Tel 986 640 115

Oriente, 7 • A CAÑIZA • Tel 986 651 132

tienda@boinscon.com

NAVIA CENTER

Teixugueiras, 25 • NAVIA - VIGO • Tel 986 246 067

naviacenter@gmail.com



MASTER
CADENA

PARA SU COMPRA INTELIGENTE AHORA SOMOS MASTER CENTER

ELECTRODOMÉSTICOS - AIRE ACONDICIONADO - INFORMÁTICA - TELEFONÍA - CANAL+



BOISCON-CENTER
(Ponteareas)

OPINIÓN

Importantes avances para un consenso na Área Metropolitana de Vigo

Hai acordo en arrancar con 14 concellos e abordar posteriormente a incorporación de máis municipios.

Xunta e concellos manterán unha nova reunión para falar especificamente da cuestión do transporte, na que segue a haber diferenzas.

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, mantivo días pasados unha reunión cos 14 alcaldes dos concellos que forman parte da área metropolitana de Vigo para abordar a modificación da actual normativa en vigor, tras a cal destacou os "importantes avances" obtidos e amosouse optimista de cara a lograr un consenso que permita a reforma.

A reunión, na que tamén estiveron o delegado da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, e o director xeral de Administración Local, Alberto Pazos, tivo lugar no edificio da delegación da Xunta en Vigo e prolongouse por máis de tres horas. "Non hai ningunha dificultade insalvable", manifestou Rueda en declaracións aos medios ao termo do encontro, nas que amosou a súa satisfacción polo resultado do cónclave, que definiu como "moi necesario" e "frutífero". "O fundamental é arrancar con 14", explicou o vicepresidente

da Xunta, que explicou que existe consenso en que é preciso arrancar con ese número, o

nova lei xa estea en vigor e a área en marcha. No caso da gobernanza, tamén

brado. Agora deberán ser os concellos que integran a área metropolitana e que participan

menos rápido", en palabras de Rueda.

Competencias

Así mesmo, o conselleiro de Presidencia tamén indicou que outro asunto que está pendente de pechar definitivamente é o do financiamento das competencias. Nesa liña, outro dos acordos que se produciu foi o de que debe contemplarse na lei que a Deputación de Pontevedra tamén transfira competencias a área, tal e como fan outras administracións.

Precisamente ao respecto das competencias, outra da cuestión nas que aínda non hai acordo é a do transporte metropolitano, xa que os concellos manteñen posturas diversas. En todo caso, decidiron manter novas reunións, de carácter específico e con técnicos da Xunta e dos concellos, para abordar esta cuestión e definir como se debe xestionar o transporte dende a área metropolitana.



contemplado na lei actual, para despois afrontar incorporacións de outros municipios cando a

se produciron avances e a Xunta presentou a súa propia proposta para buscar un modelo equili-

no seu goberno os que deban chegar a un acordo sobre esta cuestión "no prazo máis ou

Caballero constata "consenso e un novo clima" para a posta en marcha da Área Metropolitana

O rexedor vigués valorou este mércores a reunión celebrada na tarde de onte entre o vicepresidente autonómico, Alfonso Rueda, e os 14 alcaldes da Área Metropolitana de Vigo, cita na que Caballero constata un "moi bo clima" de acordo e vontade de salvar diferenzas, chegándose a consensos no modelo de goberno e nas competencias, entre outros. Segundo manifestou este mércores Abel Caballero, o resultado da entrevista de onte entre o goberno autonómico e os 14 municipios da Área metropolitana viguesa "foi francamente ben" e amosa un novo clima de acordo entre as partes, unha vontade de salvar diferenzas que se traduciu nalgúns consensos acadados.

O alcalde de Vigo explicou que existe acordo para que o goberno da Área teña en conta o peso demográfico de cada municipio, corrixido no caso de Vigo, que lle

cede espazo ao resto dos concellos. Neste punto, subliñou que desaparece definitivamente o

para modificar a Lei de Área Metropolitana de Vigo, consensuando que as que asuma a nova

llos. Caballero enfatizou que o ente supramunicipal ten que significar mellores servizos e máis

No caso do transporte, Abel Caballero certificou que na reunión de onte quedou claro que o Concello de Vigo subvenciona o transporte urbano da cidade con 13 millóns de euros, como parte da política social do goberno de Vigo e reiterou que o transporte urbano, "como é natural", non forma parte do transporte metropolitano, aínda que amosou a súa vontade de presentar propostas que poidan favorecer a todos os Concellos, unha vez que queda claro que é a Xunta a que ten que abonar as bonificacións que reciban os usuarios do transporte urbano que veñen da Área. Finalmente, subliñou que a Xunta subvenciona con 1,8 millóns o transporte metropolitano de Vigo, mentres que o Concello subvenciona o transporte urbano con 13 millóns.

O rexedor reclama á Xunta que atenda as necesidades dos centros públicos vigueses



modelo anterior un alcalde/un voto.

As competencias tamén foron abordadas na reunión de onte

entidade serán transferidas co 100% do financiamento, para garantir que non supoñan ningún sobrecusto para os conce-

baratos, polo que outras administracións "terán que dar un paso ao lado", e ceder competencias.

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Dende o pasado 20 D estamos a presenciar unha serie de movementos peristálticos que nos teñen desacougados.

Celebráronse as eleccións xerais e o panorama político quedou de tal maneira que a día de hoxe ninguén sabe a ciencia certa que vai ocorrer. Seguirá gobernando Rajoy en minoría? Habará un pacto de esquerdas cos socialistas á cabeza? Qui lo sá, como diría Paco Vedra. O que si sabemos, porque nolo pasan polos fociños día tras día, é que á clase política non lle chega a roupa ao corpo. Uns porque temen perder o cocido, e que cocido!!, que está en xogo; outros porque un día cren estar xa no goberno e ao seguinte ven que este se lle escapa por entre os dedos. Son momentos de verdadeiro desasosiego. Nin sequera nós que non imos participar do banquete pode-

Estamos todos mareados

mos estar tranquilos. Os medios peseristas, sobre todo, e as pantallas televisivas cómennos o coco. Deberíamos aplicarnos unha cura de saúde informativa e renunciar a saber nada de nada ata que por fin teñamos fumata branca.

Por aquí, por estas terras da vella Gallaecia, as cousas non andan máis tranquilas.

En Marea saíu mareada do resultado obtido co que nin os máis vellos do lugar soñaran endexamaís. Conseguir 6 deputados dunha tacada non é fácil para un País coma o galego que vén vivindo, mellor malvivindo, arrastrando un lastre de conformismo que non lle deixa ver con claridade. Somos un pobo que, en parte, aínda estamos no Paleolítico. Rebelarse así contra o *establishment* é unha fazaña que nos alumea cara a un futuro máis ceibe, máis crítico coa situación, máis capaz de enfrontármolos aos poderes que sempre nos tiveron debaixo da bota e que non se resisten a erguella por medo a que se lle escape todo o poder que veñen mantendo dende tempos inmemoriais. Antes eran os señores feudais; hoxe son os "señores da guerra", e nunca mellor dito porque beben nas augas da pasada guerra incivil que sufrimos neste País e seguen mantendo os privilexios que lle outorgara o Dictador ferrolán. Xa sei que non son os mesmos, aínda que algún está vivo e movendo o rabo, pero si son os descendentes daquela camada social que deixaron ben amarrados os privilexios dos que disfrutaron. Non temos máis que rebuscar no fondo da historia recente e atoparémonos cos antepasados dos actuais señores poderosos (léase empresas da enerxía, léase constructoras importantes, léase maiores accionistas de importantes bancos). Aí están chantados poñendo condicións para que se conforme un goberno ao seu xeito; que non aumenten impostos ás empresas que cotizan en bolsa; ás súas obviamente. As demáis, as pequenas non importa; están acostumadas a sufrir, a traballar pola comida e pouco máis.

O único desacougo que sofre esta xente é que vai pasar cos nacionalismos?, sobre todo o catalán, que está a presentar novas forzas e novas maneiras de facer política. Isto non o tiñan previsto. Colléronos co paso cambiado. Hai que paralos como sexa. Europa está con eles, os medios tamén. A que ter medo?

Ben, a historia ensínanos que ás veces un pequeno foguete non fai festa, pero pode animar ao personal e crear un caldo de cultivo que si se anime a organizar unha romaría. É aquí onde reside o medo desta xente a un posible goberno de esquerdas. Hai novos inquilinos que traen novas maneiras que non estaban no guión.

Esperemos a ver que pasa. Mentres aquí nesta nosa terra dos mil ríos (todos maltratados, por certo), a xente de esquerdas de verdade (porque hai moto liberal disfrazado), trata de conformar unha forza suficientemente forte para que nas vindeiras eleccións autonómicas deste ano que andamos poida disputarllela Presidencia da Xunta ao Partido Popular. Xa teñen medio camiño andado. Faltan algúns flocos que nas pasadas eleccións quedaron soltos, e tan soltos que pasaron desapercibidos. Hoxe son conscientes do seu erro político, aínda que os vellos coroneis sigan erre que erre nas súas teses decimonónicas. Galicia non é a dos tempos de Castelao ou Rosalía. Mal, pero cambiamos. Non na dirección correcta pero cambiamos.

Uns din que o nacionalismo resistente, léase BNG, ten que ser refundido, que os seus inquilinos teñen que deixar o piso. Disolverse e sumarse a esa marea imparable que se estende polo interior e pola

costa (léase Aymerich). Outros xa aceptan que o importante non son as siglas senon o proxecto a conseguir (léase Jorquera). Claro que esta mensaxe non coincide coa lanzada pouco tempo antes da confirmación das candidaturas. Se así fora, outro galo nos cantara, aínda máis alto do que fixeron as mareas.

Aquí tamén temos "as choronas de Cangas", aquelas que se contrataban para ir a chorar polos defuntos. De aí o dito popular "vai chorar a Cangas que alí danche unha taza de caldo". Obviamente estas choronas non o fan polo caldo. Falan da "infinita responsabilidade de Pedro Sánchez" por atreverse a manter conversas para ser Presidente do Goberno Central. Acaso só Rajoy sabe gobernarnos? É un dicir, porque gobernar, gobernar non o van facer ben nin os uns nin os outros. Pero iso non autoriza a ninguén a descalificar un político que ten todo o dereito do mundo, nunha democracia, claro, a tentar ser Presidente do seu País.

Na próxima entrega xa teremos goberno, ou non.... Logo seguiremos falando. Que vdes. o disfruten, se poden.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Redactores: Rocío Pereira Luzro81@hotmail.com
Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursoseshol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores: Inma Otero, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Mnaso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



Novo pulo ao “procès”

A investidura por maioría absoluta do Parlament do até de agora alcalde de Girona, Carles Puigdemont (Junts per el Si e afiliado á CDC) demostra a flexibilidade da política catalá, que mesmo ven de recoñecer o dirixente de Podemos, Iñigo Errejón. E abre un escenario de estabilidade parlamentaria que constitúe un evidente pulo ao proceso soberanista catalán, malia que ao mellor éste, como dixo o presidente da Assembleia Nacional de Catalunya (ANC), grande motor del, precise de máis músculo e de menos velocidade.

A CUP aprobara un veto incondicional a Artur Màs, malia que a metade da súa xente manifestouse a prol da súa investidura. Xa que logo, a decisión de Màs de botarse fóra (xenerosa e política-mente estratéxica) desarmou de vez aos antisistema. Executado o veto a Màs Junts per el Si foi quen a lles impór non só o voto á persoa de Convergència (CDC) decidida polo propio Màs, senón un pacto de estabilidade parlamentaria que inclúe o prezo da demisión dalgúns dos deputados máis refractarios á investidura do até de agora President.

sa decisión permítelle a Convergència evitar unas eleccións pouco favorábeis e

enfrentar un proceso de refundación que esixen os pasados casos de corrupción e que desenvolverá baixo a dirección do propio Artur Màs. Semella que Democracia i llibertat, futura marca dos converxentes, adopta o esquema bicéfalo de distintas persoas nas xefaturas do partido e do goberno que tan ben lle resultou ao PNV. Sabido é que unha nova páxina na historia institucional catalá é imposible sen que a mediana burguesía e o centro político teñan sitio nela. E Artur Màs agora traballará para facelo.

Pola súa banda, Esquerra (ERC) fornecerá un 40% do Govern con Junqueras nunha probábel vicepresidencia ou mesmo como conseller en cap. Mentres que as forzas unionistas amosaron a súa sorpresa e contrariedade: Catalunya terá Goberno e folla de rota soberanista esta mesma semana, mentres que en Madrid semella que non hai pacto para a gobernanza nin o haberá nalgún tempo. Mesmo é moi dubidábel en termos constitucionais que Rajoy, como presidente do Goberno do Estado en funcións, reteña as competencias para instar do Senado a aplicación das medidas de intervención da autonomía de Catalunya, consonte co artigo 155 da Constitución.

Un sector lácteo á intemperie

Algúns xa dixemos que o acordo lácteo asinado en setembro en Madrid non era quen de amañar a desfeita no sector lácteo galego. Case tres meses despois segue a existir unha diferenza media de até 10 cts/litro entre o leite vendido en Galicia (26-28 cts/litro) e o prezo de venda medio no Estado. Calcúlase en 32-34 cts/litro o prezo mínimo para cubrir gastos. Velaí, pois, como moitos dos axentes sociais do sector veñen de reproducir as súas mobilizacións, con algunha excepción que preferiu non secundalas, como a Organización de Produtores do Leite, que sobranceou nas mobilizacións de agosto e setembro. Porén, o seu coordinador estatal, Ano Escariz, afirma sen dúbidas que “Éste é un problema de país, tendo en conta a importancia social, económica e ambiental deste sector, que vertebra grande parte do noso medio rural. Deixar fundir o sector lácteo galego tería non só un grande impacto económico e social, senón tamén ambiental e demográfico, desertizando de vez amplas comarcas de Galicia.”

Nesta nova xeira, nas superficies comerciais, aproveitando a grande simpatía que as consumidoras galegas

amosaron a respecto das reivindicacións do sector, o prezo de venda ao público medrou até 4 cts./litro, mais só en beneficio da industria láctea e do propio distribuidor. O produtor, causante teórico dunha suba aceptada polo consumidor responsábel, fica en último de contas á marxe dos seus gaños.

No ámbito da Administración galega, compre denunciar a absoluta tolerancia na actuación de primeiros compradores sen estrutura empresarial e produtiva, que se limitan a especular co leite en prexuízo do prezo recibido polo gandeiro (que ás veces baixa até 18 cts./litro). Esta actuación é claramente disturbatoria da libre concorrência e como tal habíña ser reprimida. Mais aínda non lle escoitamos rennin á Conselleira nin ao Presidente Feijóo a respecto desta cuestión.

Galicia é o único país entre os dez primeiros territorios lácteos da Europa que nos últimos cinco anos non coñeceu ningún proxecto investidor superior aos 20 M€, como nos deu a coñecer recentemente o profesor da USC Edelmiro López Iglesias. Expertos, produtores, cooperativas e axentes empresariais sinalan unánimemente ao desleixo da Xunta como principal responsábel.

A Coroa non é neutral

Os derradeiros anos do mandato do rei Juan Carlos afondaron na idea de que a Coroa era a Institución que pechaba e lle daba sentido ao sistema da transición, baseado no bipartidismo dinástico PP-PSOE e no capitalismo do BOE ou de amiguetes, manifestado nas grandes empresas concesionais, construtoras, de distribución eléctrica ou bancarias presentes maioritariamente no IBEX 35. Foi Juan Carlos, asemade, un Rei cun concepto fondamente unitarizante, que chegou defender en San Millán de la Cogolla (2001) que “a nadie se le obligó nunca a hablar en español...”, afirmación que descualifica á Casa Real canto á súa sensibilidade a respecto da pluralidade lingüística e cultural española.

A proclamación do seu fillo Felipe de Borbón fixo agardar de moitas persoas que o novo Rei, como home da nosa xeración e persoa con boa preparación intelectual, ía conectar mellor coa plurinacionalidade do Estado e ía abrir novas vías canto á sensibilidade a respecto dos terribles efectos na nosa sociedade do desemprego (e, xa, subemprego) e as grandes inxustizas sociais. Mais iso non foi así. E teño para mín que Felipe de Borbón ten ideas propias a respecto

do seu rol institucional e éste pasa por un aberto intervencionismo, nunha tradición borbónica que afunde as súas raíces en antepasados do Rei actual, como Alfonso XIII, que chegou aceptar o golpe militar de Primo de Rivera e posibilitar a súa ditadura.

Canto á sensibilidade plurinacional, semella que El Rei sintoniza coas ideas de Albert Rivera cando dí que “o Xefe do Estado non pode ser neutral cos independentistas”. Nin sequera cos que acreditan na plurinacionalidade do Estado. Velaí ese concepto historicista e esencialista de nacionalismo español que destilou a mensaxe real do pasado Nadal e a frialdade, cando non hostilidade, publicamente amosadas a respecto do President Màs e, máis recentemente, da presidenta do Parlament catalán.

Mais tampouco semella que os valores da xustiza social e da substitución das políticas de austeridade sexan prioritarias. Pola contra e ás resultados do que nos revele o vindeiro futuro, semella que a aposta do Xefe do Estado sería un goberno apoiado no bipartidismo dinástico e nos C's, o seu comodín. Un goberno que atopa o rexeitamento da maioría das bases electorais do PSOE e de non poucos dos seus cadros, nomeadamente os do norte do Estado.



Rúa de Redondela, 36860 Ponteareas, Pontevedra
T. 986 64 44 05



PONTEAREAS

Varela García-Ramos S.L.
Reveriano Soutullo, 4 Bajo Telf. 986.65.09.44



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

OPINIÓN

Tres Xosés para a memoria

Colleron o camiño de regreso os tres xosés. Os tres pepes que eu tiña tanto de man no corazón. Puntuais en exceso, sempre precipitados e inqedos, non paraban de bulir en mil proxectos, sempre prestos para chegar, e agora neste regreso. Ían, como imos, desde este ningures que eles soñaron paraíso, ata ese paraíso das nostalxias que ninguén sabemos. Fixérono antes de tempo, esaxeradamente precipitados e fóra das escasas vontades humanas. O primeiro deles, seguindo a miña orde anárquica foi Pepe Alvilares, cura e filósofo controvertido, ningunha das dúas cousas cotizan á alza en ningures. Foise facendo consciente, co paso do tempo e no medio do noso mundo tan hostil e contraditorio, e púxose presto para a intervención social e a verdade, onde non renunciou a erguer rebelde. Volveuse insubmisos na tanta estupidez que nos abrangue, na sociedade peregrina e, en silencio,

diante tanto desamor. Foi moi crítico coa mentira e coa corrupción, tamén coa igrexa decadente que esqueceu aos pobres e o amor, que esqueceu tanto ser invisibilizado e que, precisamente, se pon do lado dos poderosos e materialistas, dos verdugos. Criticou esta igrexa que non dá solución nin fabula esperanza, nin alenta soños.

O segundo Pepe, Neira Vilas, foi tamén dos de actos levados a feitos, palabras e memorias. Deu en baduar soños certos, falounos de nós e do noso, na nosa lingua, na nosa pobre lingua tantas veces minorizada en reflexos de balbinos, tomasos, monchos, mentres medran tantos manolitos. Foi describindo neles e, ao mesmo tempo, descubríanos a todos nós. Defendeu a Nosa Lingua por riba de todas. No seu enterro, como xa presentía Xaquín de Roca, estarían as

autoridades todas no primeiro banco, desde a súa gris presenza evocarannos a aquel 40% de nenos que, en Galiza, non senten a Nosa Lingua nas aulas en todo o día, mentres –e iso aínda é peor– crearon unha animadversión social enorme –chea de inauditos rancores– nas súas familias contra O Noso. Todo por culpa directa dos que estaban naquel primeiro banco. Que vergoña e que gris presenza de verdugos, afearon o acto. Porque Neira, o noso segundo Pepe, foi relator desta nosa Nación Galega, da máis rural e proletaria á que moitos honramos pertencer.

O terceiro Pepe, a Chao Rego. Da miña mesma Matria. Home fiel a si mesmo e ao seu credo, fiel a nós, a todo o Pobo, aos que sentimos constantemente esta dor que nos fai Nación e que nos conxuga humanos. Amigo absoluto que me en-

sinou unha lección difícil, que el aprendeu con Sari, a súa musa nestes temas: a de aprender que -no amor- o máis importante é amar, darse aínda antes de querer ser amado, aínda antes de querer nada a cambio. Amar é sempre, se o amor é certo, a fondo perdido. É, tamén, a difícil lección do perdón na que eu –pobre de min– non dou aprendido. Moitas veces que o intentei quedei –ao mesmo tempo– coa sensación de facer o parvo. Dóime por non ser quen de perdoarme a min mesmo, nin de esquecer e purgarme, de amnistiar sequera a quen ata aquí, a esta desnaturalización e total derrota, a este suicidio, nos trouxo! Supoño que abondará na comprensión que sempre comigo tivo, impenitente e anárquico nesta miña rebeldía. Sei que, desde agora, sen eles que me tiren das orellas eu serei moito

máis leve en soños, desposuído da forza directa que me daban, da calor cómplice na loita. Collerei alentos desde a súa memoria, sempre agradecida por me ter dado tanto, por confabularme en esperanzas e ser verdadeiramente amigos, deses que se contan cos dedos dunha man, ...e sobran dedos! Por iso síntome moito máis só, ...van de regreso e eu aquí acumulando vontades para seguir camiño cara ao que vemos e o que non vemos, ...que igual sequera nin é certo! Pero na gratitude de telos coñecido e aprendido deles.



Baldomero Iglesias Dobarrio

Mero

Sigo a pensar que non aprenderon a lección da historia, é unha lección que se repite con moita frecuencia. Vén de atrás, nos libros do devalar secuenciado de todos os pobos. A lección dí que cando unha identidade social, cultural e xeográfica, digamos un pobo, unha nación, se sente postergada e en risco de desaparecer (culpa das insistentes limitacións que promoven os mandatarios de turno, desde decretos leis invasivos ata recortes de funcionamento que ausentan a autoexistión), xorden as tensións, mesmo chegando á violencia e a teimosía, creando situacións como a que nos sucede e que impide diálogos eficaces. Estoume a referir a España e Cataluña, esa confrontación, pero tamén a Es-

paña con Galiza e con Euskadi, que non esquezan. Galiza tamén ten un forte sentimento nacional, aquí tamén queremos ser nós mesmos e que non nos fagan ser quen non somos, ninguneándonos deste xeito. Por moito que insistan en negarnos, mesmo en demonizarnos. Moitos de nós, e non é vinganza senón coherencia e dignidade, non esqueceremos as tantas que nos levan feito. Todos sabemos que o estado español, traballou moito –e con este goberno, moito máis– en crear distancias sociais que son abismos, mesmo desde a burla e o desprezo –sí, sí, oen ben e sábeno, (Por se non lembran, volvan a

Tal quen somos

aquela negativa dun novo estatuto, por eles negado, aos cataláns, e que o T.C se encargou de deitar –seguindo os ditados do goberno, e en nome deles, claro; ou a campaña de descrédito contra Cataluña, cando proferiron insultos e desbataron –por exemplo– beber cava catalán ..., lembran?). Espallaron dúbidas, veneno, sospeitas negando a esperanza de ser e de existir sendo quen somos, nós; e sendo quen son, os demais. Fixérono connosco e fano, creando e alentando voces conta do Noso. Negando amenceres aos que calquera pobo ten dereito: ser quen un é! Imprimiron en nós a vergoña e o autoo-

dio, o desespero, as restricións, o incumplimento do respecto, da consideración e a estima, con involucións e atrancos, con insultos e máis medo. Mesmo refixeron leis, acomodáronas aos delitos cometidos por eles, e autoamparáronse nelas conculcando dereitos e incrementando obrigas. Pero as cousas sempre se volven sobre delas, presionaron en exceso o desexo e ansia que temos a exercer a nosa posesión, atacaron a necesidade que –como nacións– sentimos de rer os nosos destinos. Atacaron co centralismo mesetario e colonialista doutroa (América por exemplo, onde se reviran –aínda hoxe–

pedindo explicación de tal desfeita, invasiva, colonizadora e en abuso, que cambiaba ouro por anacos de espello!).

Coido seguen a creerse os amos do mundo, capaces de ditar destinos e asumir vontades que os votos non lles dan. Fracasen, só teñen argumentos coa violencia que desatan, nas leis que inducen condutas mansas pero non esquecemento. Non poderán calar a todo un pobo, nin a tres nacións dentro do estado. Nacións moi definidas e con ansias, ancestrais, de verificarse diante do mundo como o que son, sen imposicións e sen medos. Sen látigos e ameazas, sen leis mordazas, sen leis que nos contradigan, desprote-xan ou desamparen. Queremos ser, xustamente, tal quen somos!.

Por: Anxo Mena

As mudanzas climáticas no planeta son unha constante na súa evolución, unha evolución na que a pegada dos seres humanos, en cuestión de tempo ocupado, non é máis que un simple risco, un pequeno aceno. Se restrinximos a historia da terra ao período que engloba a aparición de formas de vida, os cambios climáticos veñen funcionando como un motor para a evolución, adaptación e desenvolvemento das especies. Deste feito non se escapa, nin moito menos, o xénero homo, xa que a súa evolución como especie está intimamente ligada a esta variación climática natural. Ao igual que a especie, as civilizacións, sociedades e a cultura teñen un forte vellelo co clima no que se desenvolve e polo tanto están

tamén suxeitos ás súas variacións.

O xénero humano non é a primeira especie que cambia, polo uso que realiza do ambiente, o clima da terra, pero si que é a primeira especie que podería evitar ou facer algo para actuar contra esta mudanza climática. Cando falamos de mudanza climática estamos a referirnos ao cambio climático antropoxénico, provocado polo home e ligado a un modelo de consumo concreto e non sustentábel. Polo tanto déixanse a parte os cambios climáticos naturais que a terra leva experimentando ao longo de millóns de anos e que, sen ningún tipo de dúbidas, seguirán a acontecer pase o que pase no futuro máis próximo.

Novo cumio sobre o clima

No comezo do mes de Nadal, vimos de asistir a un novo cumio do clima, levado a cabo pola Organización das Nacións (que serían máis ben estados) Unidas; un novo cumio na lista, e xa van varios. Desta volta, neste novo cumio nun París atípico, non semella que nada fose diferente do resto de cumios anteriores. Reuníronse alí os altos cargos políticos e pasou o mesmo que nas outras ocasións, aínda que cun menor bombardeo de titulares xa que semella que segue a haber cousas máis importantes. Aínda así e rañando un pouco por debaixo da superficie dos titulares, as novas que se atopan veñen a dicir o mesmo que xa dixeran anteriormente, en cumios pasados. Repítese o xa dito,

os mesmos argumentos, o si pero non, as mesmas causas e as mesmas consecuencias ou, se cadra, peores. Reprodúcese tamén a mesma indiferenza xeneralizada e o que é máis preocupante, continúa a nosa persistente inactividade individual e colectiva ao tempo que continúa o noso desprezo cara nós mesmos e contra o ambiente que habitamos. Neste cumio fíxose un acordo matquillado en que uns teñen que seguir medrando e outros reducir as emisións, os emerxentes e os xa emerxidos, e ao final ten pinta de que todo seguirá igual, porque polo de agora, ningún dos acordos firmados en anteriores edicións foi cumprido, salvo a entrada no xogo de mercantilismo coas

cotas de emisión de gases de efecto invernadoiro. Nada indica que algo vaia mudar desta vez nin que cambiará a nosa actitude ante un problema capital e causa última non só da mudanza climática, senón de gran parte dos problemas sociais, derivados todos do actual modelo de consumo e da súa sustentabilidade. Non podemos esquecer que nós somos os últimos responsábeis, tanto polo noso comportamento como porque as persoas que en París se reuniron son os nosos representantes electos, é dicir, espello da nosa sociedade, de nós mesmos. Mención a parte ten outro aspecto do cumio, de este e dos anteriores, e é a total indiferenza que se lle outorga aos paneis científicos de ex-



pertos na actual mudanza climática. Ignóranse as súas predicións, consellos e avisos. Todas as previsións que se fan, os feitos que se amosan, as probas científicas que se achegan sobre a situación climática cara á que se ve aviada a terra son e foron ignoradas, incluso algo desprezadas. Os paneis intergubernamentais sobre a mudanza climática (IPCC) son un fito único na historia da ciencia, e desprezar a información que deles se desprende deste xeito será tamén un fito, aínda que para a terra siga sendo só un leve aceno ao longo da súa evolución.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas sigue modernizando a Praza de Abastos

Os traballos, contemplaron un investimento superior aos 160.000 euros. As obras consistiron, entre outras actuacións, na renovación do alicatado en varias zonas interiores, a eliminación de aplacados nalgúns parámetros exteriores, a impermeabilización dalgunhas zonas puntuais do interior e do exterior da instalación, a renovación da carpintería exterior no terceiro nivel da instalación e a renovación do pavimento e do saneamento na planta baixa da mesma. A em-

presa adxudicataria incorporou algunhas melloras que non se meado interior por outro tipo LED, máis eficiente dende o

A empresa adxudicataria incorporou algunhas melloras que non se recollían no proxecto inicial, como a substitución do alumado interior por outro tipo LED

recollían no proxecto inicial, como a substitución do alu- punto de vista enerxético. A concellería de Comercio,

Hostalería e Consumo, dirixida por Mario Lago, conseguiu, asemade, que a propia empresa se fixera cargo dos soportes que dende o pasado mes de decembro suxeitan varias lonas decoradas con enorme fotos antigas de diversos lugares de Ponteareas, facendo un pequeno recorrido a través da historia recente da vila. Estas fotografías están situadas en tres accesos diferentes da propia praza e son plenamente visibles a partir da tarde, que é cando os mencionados accesos quedan pechados.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS



Carnicería Nemesisio
 productos selectos de calidad
 ofrecemos por encargo productos caseiros
 (carneiro, cabrito, coello, polo, etc.)
 Praza de Abastos- Ponteareas
 Telf. Mobil: 608 08 64 33

Al punto
 Comida para llevar
 ☎ 886 099 357 • 600 043 274
www.alpuntoponteareas.es
 Plaza de Abastos (planta superior) • Ponteareas

Pescados
Estrella, Celia e Marisé
 Telf: 666 337 525. Praza de Abastos. PONTEAREAS

Carnicería Chinta
 Plaza de Abastos, PONTEAREAS
 telf: 677 74 52 96

PRONTO A COMER
MANOLO
 Pollos Asados Empanadillas Jamón Asado Empanadas
 Plaza de Abastos de Ponteareas - Telf. 986 661 576

Carnicería Cándido Pérez
 (Chasco)
 Praza de Abastos. 36860 Ponteareas Telf: 696 57 37 17

Pescados y Mariscos
A PISCA
 Servicio a Domicilio
 699 697 855 PLACER
 660 441 660 FLORI
 Plaza de Abastos
 PONTEAREAS

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas contratará a 34 persoas desempregadas

A Deputación de Pontevedra asumirá o custo total dun plan de emprego que permitirá crear postos de traballo en diferentes áreas



Ponteareas participará no plan de emprego convocado pola Deputación para financiar a prestación de diversos servizos básicos de competencia municipal a través da contratación de 34 persoas desempregadas. O Concello de Ponteareas acóllese a esta iniciativa, deno-

minada "II Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015", que conta con axudas que financian o custo salarial total e a seguridade social dos traballadores durante o prazo de dous meses. A xornada laboral será de 35 horas semanais e o importe bruto

mensual subvencionado pola Deputación será de 973 euros por cada traballador, mellorando notablemente as condicións do último plan de emprego, que determinaba unha xornada laboral de 25 horas semanais e un importe bruto mensual subvencionado pola O Concello de Ponteareas será quen realice a selección definitiva dos candidatos mediante un proceso de selección que desenvolverá un tribunal formado por funcionarios.

As categorías profesionais que o consistorio ten previsto contratar son as de técnico auxiliar de cultura ou turismo, técnico auxiliar de medio ambiente, auxiliar administrativo, albanel, fontaneiro, limpador e peón. O número de prazas asignadas a cada categoría será comunicada polo Concello nos vindeiros días, antes de que as ofertas sexan presentadas na Oficina do Servizo Público de Emprego.

Exitosa recepción do Calendario Galego de Ponteareas, ano 2016



Un salón de Sesións ateigado de veciños, o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, presentaron, o Calendario Galego de Ponteareas 2016. O calendario do 2016 quere compartir a través de belas instantáneas unha parte de Ponteareas co conxunto da cidadanía e tamén cos veciños residentes fóra da vila nas follas que compoñen os doce meses do ano. Nesta edición preténdese difundir e pór en valor algunhas das construcións civís relevantes do

patrimonio arquitectónico, etnográfico e cultural de Ponteareas que, nalgúns casos, malia formar parte do patrimonio protexido, resultan descoñecidas para a maioría da cidadanía e, noutros, constitúen espazos públicos singulares que cómpre destacar. Todos aqueles que non puideron asistir á presentación, poderán recoller un exemplar de xeito totalmente gratuíto na Casa do Concello, Biblioteca e Centro de Servizos Sociais de Ponteareas. Así mesmo, todos os veciños das parroquias disporán de exemplares nos seus centros culturais.

Cide HC Energía ten que devolver case 38.000€ a 3.000 consumidores e empresas

Trátase do resultado de 4 anos de traballo por parte da Oficina Municipal de Información ao Consumidor

Un total de 37.984 euros. Esa é a cantidade que a comercializadora de enerxía Cide HC Energía deberá devolver a case 3.000 clientes por cobrarlles, durante máis de tres anos, unha cantidade engadida nas facturas non domiciliadas pola inclusión dunha nova cláusula abusiva non contemplada no contrato cos clientes.

As primeiras reclamacións de particulares que se viron afectados por este cobro chegaron á OMIC de Ponteareas a finais do ano 2011. Foi entón cando a Oficina Municipal de Información ao Consumidor comezou a traballar, mediando coa empresa con cada unha das reclamacións co fin de que eliminase esa cláusula abusiva, deixase de cobrala e devolvese o cobrado aos consumidores ata ese momento. Como a empresa se negou a resolver as reclamacións de xeito amigable, a

responsable da oficina tivo que poñer ditas reclamacións en coñecemento do organismo superior en materia de consumo, o Instituto Galego de Consumo da Xunta de Galicia. Este organismo acreditou a ilegalidade desta cláusula, polo que, por parte do Instituto abríronse varios expedientes sancionadores.

Como as sancións que impón a Xunta de Galicia á comercializadora a través do Instituto Galego de Consumo non resarcan aos clientes, a propia O.M.I.C. puxo en coñecemento do Ministerio Fiscal (Fiscal de Consumidores) a situación que os veciños de Ponteareas estaban a sufrir coa esta comercializadora de enerxía.

O Ministerio Fiscal, apreciando o mesmo que os organismos anteriores, decide tomar medidas e presentar unha demanda contra a empresa en defensa dos consumidores no Xulgado de Mercantil 1

de Pontevedra. A comercializadora, unha vez tivo coñecemento da demanda, chegou a un acordo co Ministerio Fiscal co fin de devolver aos clientes o cobrado polo concepto reclamado máis o IVE correspondente.

Un total de 37.984 euros (IVE incluído) que a compañía deberá devolver a 2.282 clientes residentes nos concellos de Ponteareas, Mondariz, Covelo, Agolada, Salva-

terra de Miño e Ponte Caldelas. Tanto a OMIC como a Fiscalía conseguiron, asemade, que a empresa deixara de efectuar este cobro dende o pasado mes de decembro de 2014.

Aqueles consumidores ou empresarios afectados que aínda son clientes da compañía gozarán dun desconto, que segundo información recibida na O.M.I.C. farase nas vindeiras facturas e que

se corresponderá coas cantidades cobradas de máis polo concepto reclamado. Aqueles clientes que deixaron de selo ao longo deste período poden acudir á OMIC de Ponteareas, situada na Rúa Oriente nº8, segundo andar, ou chamando ao número 986 64 00 00 e marcando a extensión 2211. Nesta oficina municipal informárase de xeito personalizado a cada un dos afectados e do trámite a seguir para os veciños que xa deixaron de ser clientes da comercializadora ou que cambiaron de domicilio.

Tanto o concelleiro de Consumo, Mario Lago, como o propio alcalde, Xosé Represas, salientaron "o enorme labor que neste e noutros casos se leva a cabo dende a OMIC do Concello, defendendo a moitos veciños de Ponteareas e outros municipios en situacións de vulnerabilidade ante determinadas empresas".



PONTEAREAS

Bases do desfile de comparsas do entroido 2016

1. Poderán participar neste desfile todas as asociacións culturais, deportivas, etc. así como todos os grupos ou colectivos interesados en participar e divertirse nas festas do Entroido, dando prioridade ás comparsas do termo municipal.
- 2.- As asociacións e colectivos interesados en participar terán que presentar a súa solicitude, segundo o modelo oficial, no Rexistro Xeral do Concello. Xunto coa inscrición entregarán un listado de participantes da comparsa onde figure o nome, apelidos e número de DNI de cada participante na comparsa. Os menores deberán contar coa autorización dos seus pais ou titores legais. O prazo de inscrición remata o día, 26 de xaneiro ás 13:00 horas.
3. Cada comparsa deberá contar cun mínimo de 20 membros para poder optar ás axudas en concepto de participación
4. As comparsas inscritas asistirán ao desfile o domingo, día 07, e o martes, día 09 de febreiro, con saída dende a Casa do Concello. Poderán interpretar as súas coplas ou cancións, unicamente o domingo día 7, nun escenario habilitado para estas actividades na Praza Maior.
5. Cada comparsa percibirá unha axuda por participar en función do número de compoñentes, ata esgotar o orzamento presupostado.

- Comparsas de 20 a 50 compoñentes	250,00 euros.
- Comparsa de 51 a 100 compoñentes	375,00 euros.
- Comparsa de máis de 101 compoñentes	500,00 euros.

 As axudas recollidas nestas bases, por un importe máximo de 6.000.- euros, concederanse con cargo a partida 33000/48000 do orzamento municipal do ano 2016.
6. Establécense os seguintes mencións especiais, sen consignación económica, que consistirán na entrega dun diploma acreditativo ou banda:
 - Mención á mellor carroza.
 - Mención ao mellor vestuario.
 - Mención ás mellores coplas
 - Mención á orixinalidade
 - Mención á mellor animación.



7. Para ter dereito ao cobro das axudas por participar no desfile de comparsas, estas deberán asistir aos desfiles e actos programados o domingo e o martes de entroido, debendo estar presentes desde o momento da saída e realizar todo o percorrido. As comparsas que asistan só un día ao desfile non terán dereito á axuda.
8. O orden de saída de cada comparsa efectuarase por sorteo en presenza dun representante de cada unha das comparsas participantes o vindeiro 29 de xaneiro de 2016.
9. En función do número de comparsas inscritas, poderá establecerse un tempo máximo para a interpretación das coplas de cada comparsa.
- 10 Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases".

A Comisión de Urbanismo reúne para abordar os últimos retoques do PXOM

O encontro terá lugar o vindeiro mércores, 16 de decembro, na Casa do Concello de Ponteareas e servirá para que todos os grupos da corporación, en presenza do equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal, tenten buscar un consenso en relación aos últimos detalles pendentes antes de presentar o documento no pleno municipal para a súa aprobación. Tanto a concelleira de Urbanismo, Chus Garrrote, como o propio alcalde, Xosé Represas, agradan que "esta comisión sexa a que permita pechar un texto que xa conta co consenso de todas as forzas que forman a corporación no referido ao eido rural e no que tan só quedan por definir pequenas cuestións relativas ao casco urbano do concello e ás zonas industriais do mesmo".

Ponteareas inicia unha campaña para evitar os excrementos de mascotas nos espazos públicos



A campaña inclúe medidas de concienciación, instalación de papeleiras con expendedores de bolsas, vixilancia e sancións. O concello iniciou dunha campaña dirixida a evitar a presenza de excrementos de mascotas en espazos e vías públicas. A campaña inclúe medidas de concienciación dos propietarios de mascotas, a instalación de papeleiras con expendedores de bolsas para a recollida de excrementos, un dispositivo de vixilancia da Policía Local e a apertura de expedientes e imposición de sancións aos infractores. O Goberno Local lembrou que xa no ano 2004, a concellería de medio ambiente impulsara a aprobación dunha ordenanza municipal de limpeza da vía pública que contemplaba sancións para os propietarios de mascotas por non recoller as deposicións na vía pública. "Os posteriores gobernos non a aplicaron. As inspeccións e vixilancia se farán por parte da Policía Local e o goberno local incluírá o control do chip obrigatorio identificativo do animal e a súa inscrición no censo municipal habilitado a tal efecto.

Esquerda Unida proporá ao vindeiro pleno as depuradoras naturais



A metade da poboación de Ponteareas habita dispersa no medio rural. Isto é imprescindible para omantemento da vida no noso rural, con dereito a ter o mesmo acceso aos servizos que a poboación donúcleo urbano. Un dos servizos básicos que cada persoa debe ter asegurada é a depuración das augas utilizadas nas súas vivendas, e ten que ser prestado tanto para unha persoa que habita na vila como para outra que

habita no rural. Porén, a forma habitual de dar este servizo no rural resulta agresivo medioambientalmente e ineficiente economicamente. O resultado é o custo de centralizar todas as augas negras das diferentes poboacións rurais nunha soa depuradora mediante colectores de quilómetros de lonxitude non é a mellor opción medioambiental nin económica. Require dunha obra custosa, dunha depuradora sobredimensionada, e dun gasto

eléctrico importante para aqueles colectores que deban salvar dificultades orográficas. Outra alternativa, a das minidepuradoras, implica un custo de mantemento completamente inasumible que remata coa falla da actividade da mesma.

Nas últimas décadas veñen de ser implantadas formas alternativas de depuración en ámbitos rurais e de poboación dispersa. Trátase da depuración natural, a cal ven de adoptarse con éxito en diversas localidades europeas e mesmo do Estado español. Baixo a denominación de sistema natural de depuración englobanse aqueles procedementos e técnicas nos que a eliminación das substancias contaminantes presentes nas augas residuais urbanas prodúcese por compoñentes do medio natural, sen empregarse no proceso ningún tipo de aditivo químico. Os procedementos naturais caracterízanse, en xeral, pola súa escasa necesidade de mantemento, consumo enerxético reducido e baixa produción de lodos. ESQUERDA UNIDA levará ao vindeiro pleno unha moción para que o Concello de Ponteareas leve a cabo un estudo para avaliar as posibilidades de implantar sistemas de depuración natural de augas nas poboacións rurais de Ponteareas.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACIP pide que o Concello imparta cursos de manexo de produtos fitosanitarios



Anova regulamentación sobre o uso sostible de produtos fitosanitarios fai que, para mercar ditos produtos, os compradores deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores (ROPO), logo de facer o correspondente curso. Alternativa Ciudadana de Ponteareas, ACIP, alertou xa sobre a incidencia que terá esta regulamentación sobre moitos veciños e veciñas de Ponteareas, polo que pediu no último pleno que o Concello poña en marcha estes cursos, de xeito urgente, a través do CDL.

Segundo sinala a concelleira de ACIP, Raquel Bautista, a antedita regulamentación define como usuario profesional "a calquera persoa que utilice produtos fitosanitarios no exercicio da súa actividade profesional, incluídos operadores, técnicos, empresarios ou traballadores autónomos tanto no sector agrario como noutros sectores".

Isto, explica Bautista, engadido ao feito

de que só as persoas que estean inscritas no ROPO e, polo tanto, en posesión do correspondente carné "poderán mercar produtos fitosanitarios para uso profesional, como por exemplo o sulfato, fai que moitos dos nosos veciños e veciñas non terán, de agora en adiante, acceso a ditos produtos".

A falta de información, tanto por parte do Concello de Ponteareas "que creou unha concellería específica de Medio Rural" como por parte da Xunta de Galicia, fai que ao non poder mercar os produtos fitosanitarios que precisan "moitos veciños os merquen en Portugal, ignorando que ditos produtos do país veciño non están autorizados no noso territorio e arriscándose a importantes multas".

Doutra banda, sinala a concelleira de ACIP, a propia regulamentación é inxusta xa que non fai diferenza de usuarios por franxas de idade "xa que as persoas maiores, pola súa idade, teñen unha maior dificultade en realizar os cursos o que fixo que en Portugal, por exemplo, os maiores de 65 quedaran exentos da súa realización".

Por outra banda, amais da creación da "correspondente partida orzamentaria nos presupostos do 2016 para sufragar o gasto de ditos cursos e que supoña un menor custe para os veciños", a moción pedía que o Concello dirixíase á Xunta de Galicia "para esixir, a través da Oficina de Extensión Agraria, a creación de cursos" en coordinación coa administración local ponteareá.

Ponteareas renova o convenio do Parque Municipal de Bombeiros até 2018

O Consello da Xunta vén a aprobar a prórroga cun aporte económico de 125.000 euros anuais, o mesmo que no anterior convenio



O Concello de Ponteareas vén de recibir o convenio asinado entre a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias polo que se renova o aporte económico destinado a financiar o Parque de Bombeiros de Ponteareas, que contará con 100.000 euros anuais procedentes da Xunta de Galicia e 25.000 euros anuais da Deputación de Pontevedra até o ano 2018, inclusive.

Tanto o Concello como a Deputación de Pontevedra están de acordo en incluír a Ponteareas no Consorcio Provincial de Bombeiros, creando unha segunda sede do Parque Comarcal do Porriño situada na vila do Tea, de xeito que permita dar un servizo mellor e máis profesional ao noso municipio e tamén ao resto de concellos pertencentes ás comarcas do Condado e A Paradanta.

Rúa Reveriano Soutullo, 3. Cita previa
Telf: 986 64 10 84. Ponteareas

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS
Teléf. 986 660 826

Tapería - Restaurante
ALPENDRE
Os domingos facemos cocido

Rúa Redondela, 13, baixo. Ponteareas
telf: 886.216.325 e-mail: alpendre@galicia.com

Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

Telf: 986 64 08 34

CONFITERIA
Regino
RUA REVERIANO SOUTULLO, 16
Ponteareas (Pontevedra)

PONTEAREAS

Augas de Galicia reclama máis de 300.000 euros ao Concello de Ponteareas

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, vén de reclamar ao Concello de Ponteareas o pagamento dunha débeda de 317.366 euros de parte das obras da Estación de Auga Potabilizadora e os xuros de demora xerados polo retraso no pago.

Segundo a documentación remitida por Augas de Galicia o consistorio debería ter aboado unha cantidade de 276.228 euros entre os anos 2010 e 2011.

Sorprendentemente en 2013 o anterior alcalde, Salvador González Solla, pediu aprazar e fraccionar o pago nas anualidades de 2014 e 2015 e a Xunta aceptouno. Sen embargo, Solla non pagou nin un euro e a débeda aumentou polos xuros de demora en 41.000 euros máis, até sumar os 317.366 euros que se reclama agora.

O alcalde solicitou xa unha reunión co Director de Augas de Galicia para negociar o pagamento da débeda.



CATALANA OCCIDENTE Seguros

Cruz Gómez Zúñiga
Agente de seguros exclusiva
nº reg C0468355470909S

Castiñeira, 24 Bajo
36860 Ponteareas - Pontevedra
Tel. 986 641 528
Fax 986 641 528
Móvil 677 977 376
cruz.gomez@agentes.catalanaoccidente.com



Laboral e fiscal

Paseo Matutino, 28
Telf. 986 64 11 11
Fax 986 66 16 22
36860 PONTEAREAS
ponteareas@asesoriaxestion.com

I. Mariñas, 1 - 1.º
Telf. 986 60 12 14
Fax: 986 60 12 96
36700 TUI
tui@asesoriaxestion.com



O Centro de Reparto de Alimentos recibiu 2,7 toneladas de alimentos no último mes

As doazóns producíronse maioritariamente nos diferentes eventos deportivos con carácter solidario que se celebraron en Ponteareas no último mes

O Centro de Reparto de Alimentos do Concello de Ponteareas recibiu un total de 2.763 quilogramos de alimentos e produtos de primeira necesidade ao longo do último mes. Estas doazóns producíronse, maioritariamente, en diferentes eventos deportivos con carácter solidario celebrados en Ponteareas nos meses de xaneiro e decembro.

O campionato de tute, a andaina histórica, a sesión de zumba, o torneo de xadrez e o campionato de billar, organizados pola Escola de Billar Sportivo, o Club de Xadrez Ramiro Sabell e nos que colaborou o Concello de Ponteareas, conseguiron xuntar un total de 461 quilogramos de alimentos non perecedoiros.

A cuarta edición San Silvestre Solidaria, organizada polo Club Taninos Runners, celebrada o pasado 31 de decembro e na que tamén colaborou o Concello, recadou 1.706 quilogramos de comida e produtos de hixiene e limpeza.

Por último, o maratón solidario promovido polo Concello de Ponteareas, o Club Natación Ponteareas e Insdega XXI (empresa xestora da piscina municipal) recadou un

total de 367 quilogramos o pasado 4 de xaneiro.

Máis aportes

Estas datas tamén serviron para que outras entidades aportaran importantes cantidades de alimentos e produtos de primeira necesidade. Este é o caso do IES Ponteareas, que recadou 101 quilogramos, e do Convento de Canedo, que xuntou un total de 128 quilogramos.

Tamén xogueteis

Dende o Centro de Reparto de Alimentos do Concello aseguran que "a recepción de xogueteis tamén foi espléndida, até o punto de que aínda non tivemos tempo de contabilizalos, pero é posible asegurar que se recibiron máis de 400 ao longo dos últimos meses".

Satisfacción

Tanto o concelleiro de Deportes, Benito Márquez, como o de Servizos Sociais, Manuel Troncoso, mostráronse "altamente satisfeitos polo resultado obtido, que demostra o carácter solidario da veciñanza de Ponteareas e que permitirá axudar a moitas persoas que realmente precisan este tipo alimentos".



CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

Nenos e nenas de Mondariz participaron no 'CampaNadal 2015'

O grupo de goberno, AporM e PSOE, viu imprescindible a actividade para unha mellor conciliación da vida laboral das familias.

O Concello a través da OMIX, puxo en marcha o 'CampaNadal 2015' no Centro Social, no que participaron un total de 25 nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e 12 anos. A actividade permitiu unha mellor conciliación da vida laboral das familias e posibilitou que os nenos e nenas participantes desenvolveran actividades lúdico educativas neste período non lectivo.

O 'CampaNadal 2015' desenvolveu as súas actividades ata o día 5 de xaneiro, o que posibilitou compatibilizar os horarios laborais da meirande parte das nais e pais.

Durante a xornada, os nenos e nenas participantes desenvolveron actividades de xogos, obradoiros, actividades deportivas e saídas polo pobo.

Os obradoiros foron de temática diversa; dende os de cociña ata os de decoración de Nadal, pasando polos de tarxetas ou mesmo "hama beads". Os obradoiros de Nadal, ademais de permitir que nenos e nenas tiveran actividades en que ocupar o seu tempo de lecer neste período de vacacións, permitiron fomentar, de xeito lúdico, valores como o compañeirismo, a solidariedade ou o traballo en equipo.



Mondariz instala unha orixinal árbore de Nadal nos Xardíns Rodríguez Fornos

Unha magnífica árbore de Nadal adobía, nestas festas, os Xardíns Rodríguez Fornos de Mondariz, algo que de por si e nas datas nas que andamos, non tería nada de especial, senón fora polo feito de que a árbore, fermosa por certo, está composta na súa integridade de botellas de vidro de Augas de Mondariz, por suposto. Grazas a iniciativa dunha veciña, María Valvida, o que comezou sendo unha bonita idea, transformouse en toda unha realidade. A idea contou, dende o comezo co apoio do Concello de Mondariz, de numerosos veciños que non quixeron quedar fora deste proxecto e da empresa Augas de Mondariz, que cedeu as máis de 800 botellas de cristal que dan forma a tan fermosa coma orixinal árbore.

Respecto á participación de Augas de Mondariz, achegando "a materia prima", o alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín lembraba que "é un dos mellores reclamos publicitarios que ten o municipio" e incidía na necesidade de que, fora das nosas fronteiras, "coñezan que non é so o nome dunha marca, senón un lugar real que posúe un enorme potencial como destino de turismo natural".

Agradeceu o alcalde a implicación tanto de María Valvida "que sempre está disposta a colaborar en todo aquilo que sexa mellorar o seu municipio" como dos veciños e veciñas

que "traballaron arreo para que poidamos contar cunha árbore orixinal e fermosísima". A 'árbore de cristal' de Mondariz participa, por certo, no concurso da Radio Galega #LuceNadal, no que se buscan ás árbores e os adobios de Nadal máis orixinais e que poden ser votados, por todos e todas os que así o desexen, no enderezo <https://premium.easypromosapp.com/entries/39344>. A árbore de cristal de Mondariz figura, dito sexa de paso, entre as iniciativas máis votadas.



Un informe técnico obriga a Mondariz a prescindir de dous traballadores

O grupo de goberno, AporM e PSOE, procederá a cobertura legal de ditas prazas



O Concello de Mondariz conta, dende o día 31 de decembro do pasado 2015, con dous traballadores menos no seu servizo de recollida de lixo, logo de que un informe do secretario do Concello sinala que a contratación dos anteditos dous traballadores, realizada polo anterior Goberno local, foi realizada "en fraude de lei". No decreto da alcaldía, asinado polo anterior alcalde de Mondariz a data de 2 de febreiro do 2015, acordaba a contratación "como persoal laboral con contrato de obra ou servizo determinado" de dous traballadores para desenvolver "tarefas dirixidas á recollida de lixo e limpeza", sendo a duración do contrato "con carácter orientativo" ata o 31 de decembro do 2015.

O informe realizado polo secretario municipal, non ten dúbida algunha ao asegurar que dita contratación foi realizada "en fraude de lei" xa que asegura o secretario, como asesor xurídico que é do Concello "que a limpeza e recollida de lixo é unha necesidade e unha obriga permanente nunha administración local e, como tal, non se debeu contratar mediante a modalidade de obra ou servizo".

De procederse a prórroga do contrato dos dous traballadores, explica o Goberno local de Mondariz, "estaríamos incorrendo nun delito de prevaricación ao manter a antedita relación laboral coa existencia do informe técnico contrario".

Lamenta o Goberno local de Mondariz, a situación creada xa que "os dous traballadores desenvolvían o seu traballo con absoluta profesionalidade e dedicación e do que este Goberno local estaba plenamente satisfeito". Trátase, simplemente, de "acatar a legalidade e non cometer unha prevaricación que non estamos dispostos a asumir".

Neste mes de xaneiro, engaden fontes do Goberno de Mondariz, "convocarase unha mesa de negociación cos sindicatos de

cara a proceder a cobertura legal de ditas prazas" xa que unha das principais preocupacións do actual Goberno local, dende o mesmo momento da súa toma de posesión "é o de regularizar, equilibrar e mellorar as condicións do cadro de persoal de traballadores do Concello".

Esta preocupación quedou patente, asegura o Goberno local, "no acordo levado á Mesa de Negociación cos sindicatos e ao Pleno para mellorar as condicións salariais das oito traballadoras de Axuda a domicilio". Cabe salientar o feito de que ditas traballadoras levaban anos denunciando a existencia de desigualdades salariais existentes entre elas sen que nunca foran escoitadas. Nese sentido, o actual Goberno local lembra que tiveron que ser eles, logo da súa toma de posesión, os que desbloquearon a situación "buscando e proponendo solucións e que contaran co respaldo tanto dos sindicatos como dos demais grupos políticos".

Que a regularización do cadro de persoal e a mellora das súas condicións laborais son unha prioridade para o Goberno que preside Xoán Carlos Montes Bugarín, queda tamén demostrado polo feito conseguir "darlle encaixe á regularización de tres operarios do Concello e convertelos en oficiais", tratábase nese caso, dun acordo plenario que proviña do anterior goberno, pero "foi o actual equipo de Goberno xunto cos técnicos, o encargado de propoñer o xeito de facelo".

A intención do actual equipo de Goberno, tal e como queda demostrado polas actuacións desenvolvidas no pouco tempo que leva desenvolvendo as súas tarefas, "non son as de votar xente á rúa" senón todo o contrario, é dicir, "regularizar a situación dos traballadores e traballadoras e mellorar as súas condicións laborais".

SALVATERRA

Papa Noel brinda con espumosos de Salvaterra na noite de Nadal

O Alcalde de Salvaterra de Miño, Arturo Grandal Vaqueiro, recibiu na tarde do 24 a Papá Noel, que chegaba ao Concello en barco, polo Río Miño, e brindaron con un espumoso de Salvaterra para desexarlle felices Festas a todos os veciños e veciñas do municipio. A continuación Papá Noel, subido nun carro de cabalos, visitou todas as rúas da Vila parando na Praza do Concello, onde recibiu a todos os nenos e nenas que alí o estaban esperando para darlle as súas cartas e facerlle as súas peticións.



Nace o Clube Natación Salvaterra

Novas de Turonio recibiu este nota do recién creado Clube de natación de Salvaterra.



O Clube Natación Salvaterra é un clube deportivo, de recente creación, que aposta pola práctica de natación como actividade deportiva. O clube conta cuns 140 socios entre nen@s

e adultos.

O obxectivo que pretende acadar non é outro que crecer día a día en logros deportivos, a satisfacción dos nosos deportistas, e poder seguir ofrecendo a práctica

de natación como actividade deportiva. Os entrenamentos son na Piscina Municipal de Monção, porque en Salvaterra de Miño non temos instalación para esta actividade deportiva. Queremos resaltar que aínda que se creou a Eurocidade entre Monção e Salvaterra, ata agora non nos beneficiou en ningún aspecto, nin económico nin material.

Entrenamos 4 días a semana. Os lúns e mércores os/as nen@s de 3 a 16 anos, e os martes e xoves os adultos.

Agradecemos aos patrocinadores e país a confianza depositada en nós e o esforzo diario dos nosos entrenadores, Lorena, Adrian e Eladio.

Telefono de contacto para información 656261542 ou clubnatacionsalvaterra@yahoo.es

Torneo Nadal de baloncesto

O pasado día 28 e 30 de decembro, celebrouse o Torneo Nadal de Baloncesto no pavillón Municipal de Salvaterra de Miño entre as categorías benxamín, o día 28 e alevín o día 30...

O torneo estivo organizado polo Club Baloncesto de Salvaterra e coa colaboración do Concello, UTM, Uniprinter, e Mercatfroita; co fin de mellorar a competitividade e servir de motivación os xóvenes xogadores do Club local.

Enfrontáronse os equipos Club Baloncesto de Monção, Club Baloncesto de Pontearreas, Club Baloncesto de Salceda de Caselas e o anfitrión Club Baloncesto de Salvaterra.

Foi unha oportunidade para disfrutar do baloncesto e ver o traballo, sacrificio e pasión de estos nenos este deporte.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

As Súas Maxestades chegaron a Salvaterra pola Ponte Internacional



Centos de persoas achegáronse o pasado martes 5 de xaneiro para recibir as súas maxestades Os Reis Magos. Os Reis Magos chegaron a Salvaterra de Miño pola Ponte Internacional que os une a Monção, fixeron a súa primeira parada na Residencia, onde saudaron a todas as persoas maiores que os estaban esperando

coa mesma ilusión que os cativos que os agardaban na Praza do Concello. Por motivos climatolóxicos instalouse unha carpa na Praza do Concello, a onde se desprazaron as súas Maxestades no seu autobús, e durante varias horas estiveron saudando e dando agasallos a todos os cativos que alí se encontraban.



CRECENTE

Campionato Escolar de Bádminton en Crecente



O pasado 17 de Decembro celebrouse en Crecente o Campionato Escolar de Bádminton, organizado polo Clube Bádminton Ponteareas e coa colaboración do Concello de Crecente e o Servicio Provincial de Deportes dependente da Xunta de Galicia. Cerca de 70 deportistas disputaron diferentes partidos, repartidos en diferentes categorías. O campionato foi moi ben

acolrido polos pais, xogadores e público que se acercaron ás instalacións para ver o evento.

Unha xornada intensa, con gran ambiente e con moitos e bos partidos de bádminton. O obxectivo era mellorar a preparación dos deportistas de bádminton de Crecente e que viviran un evento competitivo como protagonistas no pavillón da sus localidade.

o remendón

Cerraxería  **SERVICIO 24 HORAS**

vivenda · automóbil · chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerraajeroremendon.com
Rúa Rainha Dona Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA de MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: blmca@blmca.com www.blmca.com

AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8
Tortoreos

telf: 986 66 74 86
36849 AS NEVES

GASOLEOS TEA S.L.

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Campsa

Tlf. e Fax: 986 61 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tlf: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

Salvaterra abre o prazo de inscrición para o Enterro da Lamprea



longo. Tanto as comparsas como as carrozas, segundo as bases do concurso, deberán “gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario como na súa actuación”. As bases do concurso rexeitarán aquelas carrozas ou comparsas que “repitan, no sustancial”, o disfraz de anos anteriores.

A saída do desfile de Comparsas e Carrozas do Enterro da Lamprea do Entroido 2016 é dende a rúa Rosalía e descorre o desfile pola rúa Castela, Fonte da Vila, Dona Urraca e praza do Concello.

A concelleira de Cultura, Marta Valcárcel, anima a participar a tódolos veciños, especialmente aos nenos e nenas de Salvaterra e de outras localidades. “O Enterro da Lamprea é un desfile de entroido xa consolidado na nosa vila que atrae pola súa singularidade no sábado de Entroido a moita xente”.

PROGRAMACIÓN DE ENTROIDO NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Igual que todos os anos, o Concello ofrece unha programación diversa en Entroido, focalizada especialmente nos máis cativos. Así tanto o sábado como o luns, día 6 e 8 de febreiro, terase diversos obradoiros centrados no entroido, o martes 9 de febreiro terá lugar o xa tradicional Festival Infantil na Casa de Cultura, con karaoke e concurso de disfraces, o mércores 10 actividades ao aire libre na praza do Concello e o día 13 de febreiro ponse punto e final co Enterro da Lamprea.

O Desfile de Comparsas e Carrozas do Enterro da Lamprea do Entroido

2016, que terá lugar o sábado 13 de febreiro, ás 18.00 horas ten aberto o prazo de inscrición ata o día 2 de febreiro. A inscrición farase na Casa do Concello en horario de luns a venres de 9.00 a 14.00 e os sábados de 9.00 a 13.00 horas. Tamén os participantes poden recoller as bases da convocatoria, onde figura a documentación que teñen que presentar ou consultala na páxina do Concello

Os premios por participación de comparsas son de 150 euros para as integradas por máis de 50 participantes e 100 euros para as de entre 20 e 50 participantes. As carrozas tamén van ser premiadas segundo o número de participantes. Así de 25 a 50 recibirán 200 euros; as de 50 a

100, 400 euros; e as de máis de 100 participantes, 600 euros. Ademais dun mínimo de 25 par-

ticipantes as carrozas que concursen cómpren que teñan unha lonxitude mínima de 5 metros de



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA

Restauración de tres pesqueiras en Salvaterra de Miño

O Arquitecto e Director das obras de restauración das tres Pesqueiras do Río Miño en Salvaterra explícalle a 1ª Tenente de Alcalde, Marta Valcárcel en que consistiron as obras efectuadas nas mesmas.

Este proxecto de restauración destas tres Pesqueiras, coñecidas popularmente na zona como "Maximina", "Bucheira" e "Mon" enmárcase dentro dun gran proxecto, que ten dous grandes obxectivos. O primeiro é a investigación, pretendese recoller información para elaborar un catálogo das pesqueiras, aínda existentes no municipio, coa localización e características particulares, e con elo, acometer con criterios análogos as próximas intervencións que se pretenden realizar. Ademais da súa posta en valor a consideralas como elementos potenciais no percorrido do futuro paseo fluvial que se pretende levar a cabo en toda a marxe do Río Miño.

O segundo obxectivo é a de intervención e recuperación destas tres pesqueiras, con diversas patoloxías, localizadas río arriba,

comezando no paseo fluvial, baixo o Castelo de dona Urraca. As propias singularidades destas construcións fanas altamente interesantes para os visitantes, xa



que as pesqueiras do Miño son construcións de grandes sillares de pedra que se adentran no río, e que teñen a súa orixe durante a colonización romana, co obxecto de pescar lampreas, salmón sábal e outras especies do río ao

remontalo, debido a súa estratéxica situación. Están formadas por un muro de pedra ou varios, que rondan os tres metros de espesor denominados "poios" o

As pesqueiras de Salvaterra son xeralmente dun solo pesco perpendicular ao muro, cunha lonxitude que oscila entre os 20m levantándose 6 m dende o fondo,

de pesca das pesqueiras varía das zonas altas á utilizada en Salvaterra, na nosa zona úsase a "rede cabaceira", consistente nunha rede larga que se utiliza lastrada con pedras e pendurada de boias flotantes. A maia lárgase en pozos e remuíños pretos a pesqueira, e traballa flotando.

Este proxecto de restauración e posta en valor do noso patrimonio é unha acción máis encamiñada a promoción e divulgación do noso Municipio.

Estas Pesqueiras van pasando de pais a fillos, e foron e seguen sendo a base económica de moitas familias, pola importancia especialmente da lamprea, a raíña do Río Miño, que se pesca nos tres primeiros meses do ano e que atrae a moitas persoas a visitarnos para degustala nos restaurantes da zona, nas súas diferentes formas, a burgalesa, asada, rechea, etc.

O Concello segue traballando na recuperación do seu patrimonio histórico-artístico, como fixo coa adquisición das Murallas e Castelo da Raíña Dona Urraca e a súa posterior rehabilitación.

O PSOE de Salvaterra leva dúas mocións ao vindeiro pleno

O PSOE de Salvaterra defenderá no primeiro Pleno do ano aínda sen data dúas mocións, unha tendo que ver co mercado municipal e outra contra a meninxite.

A proposta dos socialistas de Salvaterra é para que tanto o goberno de España inclúa no calendario de vacinas a da meninxite B e no caso de que o goberno español a rexeite, inste a Xunta de Galicia a levar unha experiencia piloto coa implantación da vacina contra a Meninxite-B en todo o territorio da Comunidade Autónoma.

Son moitos os veciños e as veciñas que se ven obrigados a cruzar a ponte para adquirir esta vacina no país veciño, polo tanto, cren -os socialistas- que esta moción é de maior interese para os e as cidadáns de Salvaterra.

Pola súa banda, o grupo socialista no concello tamén defenderá unha moción ante o Pleno para que se inste ao goberno municipal a facer como prioritaria a remodelación do mercado municipal e o seu entorno.

A portavoz socialista, Rocío Bernárdez defende que " todos os mercados municipais da contorna



se están remodelando, claros exemplos témolos en Salceda de Caselas, As Neves ou Ponteareas que a través das subvencións que a Xunta de Galicia ofrece están mellorando os seus mercados municipais". Para iso o grupo municipal insta ao goberno que se deixe de obras que non repercuten economicamente nin nas arcas do concello nin nos veciños e veciñas.

Rocío Bernárdez, voceira socialista, destaca que " nesta crise que estamos a vivir, cun mercado municipal máis moderno e adap-

tado ao tempo no que estamos, sería unha gran oportunidade para as veciñas e os veciños que se animen a emprender nun negocio".

Por último con esta moción tamén pretenden - din os socialistas- que se adecúe o entorno da praza de abastos para favorecer ao mercado semanal dos martes e dos xoves; para facelo máis atractivo tanto para os e as cidadáns de Salvaterra como aos cidadáns doutros concellos.

(Texto das mocións en: www.novasdoeixootlantico.com)

Grandal e Valcárcel reciben ao profesor alemán Geiseler

O IES Salvaterra de Miño pertence a unha rede de centros de acollida profesional de profesorado europeo. O programa de actividades do profesor extranxeiro en español e inglés busca comparar e coñecer a organización do centro, a actividade docente e coñecer o tecido industrial da contorna.

O profesor alemán Andreas Geiseler do instituto Vocacional BBS

'Otto von Guericke' da cidade alemá de Magdeburg, en Alemaña, foi recibido esta mañá polo alcalde de Salvaterra Arturo Grandal e a primeira Tenente de Alcalde e Concelleira de Educación, Marta Valcárcel. Geiseler terá unha estancia profesional, desde onte ata o 1 de febreiro, para impartir español e inglés no IES de Salvaterra así como coñecer o tecido industrial da contorna.



Obituário: Doña Anita, mestra e promotora cultural

Por Agapito Valado

-E logo, Tiberio, aínda teimas de marchares pra Guinea?

Así comeza a obra de teatro O pauto do Demo, escrita por Anxel Fole (Lugo, 1903-1986), que varias xeracións de nenas e nenas e despois algúns deles de mozos, representaron baixo a maxistral batuta directiva da inesquecible e irrepetible Doña Anita (Valentina Ana María Morales Reula 1913- Sela, 2015). Este feito non voltará a producirse, porque o pasado 17 de decembro, Doña Anita abandonou este mundo dempoís de cento dous anos de fructífera existencia.

Doña Anita, foi, na súa longa estádía no concello de Arbo, profesora de centos e centos de rapaces, do concello, despois de chegar a esta terra dende Cortegada, onde deixou tamén unha forte pegada. Eu lembro as aulas da antiga Escola Graduada, hoxe Centro de interretación da lamprea e o viño Arbo, a onde acudíamos os rapaces das aldeas para cursar a Segunda etapa da EXB nos anos 70, clasificados por cursos e grupos. Alí sentou cátedra na súa área de Ciencias Sociais, que impartía con entusiasmo e profunda profesionalidade. Lémbrame dos compañeiros dos distintos cursos, que por alí pasaron e dos diferentes ensinos e exemplos que me quedaron grabados, un deles foi escoitala explicar a obra de Jean Jacques Rousseau (Xenebra. Suíza, 1712- Ermenonville, Francia, 1778) da súa aportación a filosofía iluminista e anticapitalista e das dúas principais obras O Contrato Social o O Emilio ou a Educación. Dende a Graduada pasamos o Colexio público Antonio Carpintero, que leva o nome do ilustre mestre da parroquia de Sela durante máis de trinta anos e que todos os seus alumnos lembramos con cariño. Alí Doña Anita culminou a súa carreira docente como Directora ata a súa xubilación

Lectora empedernida, escritora por vocación, cultivou a poesía, edi-


tada moita dela nos libriños das festas do Augardente e da Lamprea, e a narrativa cunha novela publicada coa que me agasallou e que publicou co título de Eslabones de esperanza. Alguén, co permiso da familia, debería recuperar e catalogar os seus escritos e plasmarlos nunha publicación que de seguro tería unha moi boa acollida.

Participou tamén doña Anita, en actividades sociais, como secretaria da Comunidade de Montes e da Xunta de Augas dos Barrios de Rozas e A Granxa na parroquia de Sela pola década dos oitenta, unha vez xubilada, redactando actas que son modelo literario e quedan gardadas como documentos da súa valía no mundo das letras.

No teatro, ademais do adestramento e dirección dos rapaces da escola coa representación de obras como a antes mencionada O Pauto do Demo, dirixiu O Estebinho, fundando e dirixindo o grupo A Pesqueira, que acadou grandes éxitos con representacións importantes que chegaron ata o Teatro Principal en Pontevedra ou o de Medina del Campo. Tamén colaborou co grupo de teatro Asociación Cultural Evaristo de Sela coa dirección da obra O cego de Fornelos de Varela Buxán (A Extrada, 1909-Lalín 1986)

Muller incansable, loitadora da palabra, escribiu con lucidez e temperamento case ata a última hora. Os veciños de Arbo perden coela un referente no mundo do ensino e da cultura, pero outro mundo mellor –como diría Jorge Manrique- o da fama gloriosa perdurará. Lástima que o concello de Arbo non lle tributara un vida unha merecida homenaxe da que ben seguro todos os veciños –sen excepción- acudirían a render o seu agradecemento a tan digna personalidade.

Doña Anita, a súa memoria continuará viva en Arbo durante moitas xeracións.



Café-Bar Mimos

Loterías y Apuestas del Estado

SELLADO DEL
La Quiniela - Primitiva
Bono Loto - El Gordo
Lotería Nacional

Plaza Mercado, 7 - ARBO
Tel. 986 665 433 - 686.010.825
monchcarbo@yahoo.es

TIENDA AGRÍCOLA

LITO

DISTRIBUIDOR DE:

PIENSOS:

ABONOS:

C/ Miguel Dávila, 27 36430 ARBO (Pontevedra)
☎ 986 66 58 21 - 615 224 331

CONDADO/PARADANTA

A CAÑIZA

O conselleiro de Cultura e Educacion reuniuse na Cañiza coa Asociación de Trastornos do Espectro autista de Vigo (TEAVi)

Esta Asociación elaborou unha guía con orientacións específicas para empregar nas aulas

Lembrou que o seu departamento xa puxo en marcha varias iniciativas para mellorar a convivencia e inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais, como o protocolo sobre TDAH ou o de Atención en urxencias sanitarias

O titular do departamento educativo da Xunta de Galicia - quen agradeceu e puxo en valor o traballo realizado polos cinco pais e nais que conforman a comisión de educación de TEAVi- destacou o labor que está realizando o seu departamento en aras de garantir a atención á diversidade do alumnado, entendéndoa como un valor e unha oportunidade para seguir mellorando o sistema educativo no seu conxunto.

De feito, cómpre salientar que a Consellería traballa en prol dun sistema baseado na igualdade de oportunidades e que axude a desenvolver a autonomía persoal de cada alumno e alumna, así como as súas potencialidades.

Protocolos para cada casuística. Deste xeito, o conselleiro lembrou os pasos xa dados para atender as especificidades do alumnado galego, co obxectivo de mellorar a súa inclusión e convivencia dentro da aula. Proba disto é o primeiro protocolo a nivel autonómico para avanzar na prevención e atención temperá do TDAH (Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade), así como os desenvolvementos ao abeiro da Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, tales como o Protocolo de Atención en urxencias sanitarias e atención

Foto Hernández



educativa ao alumnado con enfermidade crónica (cunha ad-

denda específica sobre a diabetes) ou o recentemente publi-

cado Protocolo de Atención educativa domiciliaria.



Foto Hernández

Así mesmo, mantense colaboración neste sentido coas diferentes asociacións implicadas, por exemplo as Fundacións María José Jove e Ingada, coas que se asinou un convenio para a formación do profesorado que trata alumnado con TDAH.

A Consellería, por tanto, está dotando aos centros dunha serie de ferramentas que pretenden facilitar o día a día nas aulas, promovendo a formación específica do profesorado ou ofrecendo unha serie de orientacións útiles para saber actuar no primeiro momento ante unha posible emerxencia médica.

Neste contexto, a guía elaborada agora por TEAVi afonda na atención educativa dos nenos e nenas con autismo, apuntando unha serie de recomendacións para traballar na aula con estes estudantes e á hora de manter contacto coas familias.

Máis de 3.300 profesionais. Ademais de desenvolver novos recursos técnicos, o departamento educativo da Xunta tamén incrementou os recursos humanos para atender ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este curso, máis de 3.300 profesionais -entre especialistas en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, coidadores, orientadores e intérpretes de linguaxe de signos- están dedicados a este labor.

Na reunión, á que tamén asistiu o alcalde do concello, Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, así como o xefe territorial da Consellería na provincia de Pontevedra, César Pérez Ares, abordáronse outros temas de interese para o municipio.

Alesón da Lamprea

ANGULAS CORDERO

VINOS DE COSECHA PROPIA

Telfs. 986 665 489 - 986 665 153

CABEIRAS - ARBO

Optica mahen

Ópticos desde 1939

Sanán Condado 4 PONTEAREAS

Nº Reg. Sanitico E-34-00038

SALCEDA

Os socialistas informan que os traballos do Plan Xeral xa están expostos

Os Salcedenses disporán de 30 días hábiles para facer suxerencias



A Voceira do grupo municipal socialista de Salceda, Verónica Tourón, informa que o proceso de participación cidadá na elaboración do PXOM da comezo hoxe, coa posta ó público dos traballos. Despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, dende hoxe martes e durante un período de 30 días hábiles, os veciños e veciñas poderán consultar os traballos do Plan Xeral e facer suxerencias antes da súa aprobación inicial. Para iso poden dirixirse ó departamento de urbanismo ou consultalos na páxina web do concello.

Dende a agrupación mostran a súa satisfacción pola posta en coñecemento do Plan Xeral, “é un logro histórico, que os

socialistas logramos quitar adiante, a pesar dos votos en contra do equipo de goberno, Salceda vai ser exemplo e terá un Plan Xeral contando coa participación dos veciños e veciñas”. Tamén afirman unha vez máis, en que a proposta non busca paralizar nin retardar ningún proceso, senón permitir que o PXOM se abra á participación dos veciños e veciñas antes da súa aprobación inicial.

O Centro Social da Devesa acollerá unha charla informativa sobre o Plan Xeral. Ademais de mostrar os traballos do PXOM neste os socialistas tratarán o tema da participación cidadá no Plan, xa que neste intre está aberto o prazo de suxerencias ata o 28 de xaneiro.

Charla informativa organizada



A Executiva Local do PSdeG-PSOE de Salceda de Caselas, quere agradecer a asistencia e a atención prestada polas preto de 200 persoas que se achegaron á charla celebrada no día de onte.

Dende a executiva tamén queren pedir desculpas pola incomodade que supuxo para algunha xente a falta de aforo, provocando que un gran número de persoas tiveran que estar fóra da sala.

Tamén pola imposibilidade de poder atender persoalmente a todos os asistentes, e

lembran que se poñen a disposición dos veciños e veciñas para calquera consulta que queiran realizar de maneira máis personalizada ou para demandar calquera tipo de axuda ou colaboración. Para iso, teñen a sede do partido aberta ós xoves de 11:00 a 13:00e de 18:00 a 20:00 horas. Por outra banda, poñen a disposición o correo electrónico opsoescoita@hotmail.com, ademais da posibilidade de contactar directamente con calquera membro da executiva para concertar unha cita.

Salceda de Caselas prepara o Entroido máis importante da Comarca



O Concello de Salceda de Caselas, ao traveso da Concellaría e Festas que dirixe Teresa Pérez, ven de publicar as bases para a participación no XVIII Desfile de Carrozas e Comparsas que se celebrará no municipio o domingo 7 de febreiro de 2016. Durante a semana do 18 ao 23 de xaneiro serán as agrupacións pertencentes a Salceda as que poidan formalizar a súa solicitude de participación no desfile, e na semana do 25 ao 30 será o turno para as agrupacións de outros municipios, que poderán ocupar as prazas restantes por orde de solicitude. As agrupacións deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes, e poderán presentarse con ou sen carroza, establecéndose diferentes categorías en ámbolos dous casos. Ademais, o desfile completárase co concurso de coplas no que participan tódalas agrupacións. Todas as comparsas admitidas recibirán unha compensación económica pola súa participación, que varía entre os 100 e os 700 € en función do número de compoñentes. Ademais da dotación económica, establécese un xamón como premio para diversas categorías: A mellor música en directo, a mellor coreografía, a comparsa máis festeira, a comparsa con maior número de componentes, o tema máis orixinal, o me-

llor vestiario, a carroza máis traballada, a carroza máis orixinal, o mellor traballo en conxunto, as coplas máis divertida, as coplas mellor recitadas e o participante de maior idade, así como un agasallo para o participante máis novo.

Toda a información e as bases do concurso poden consultarse a través da páxina web do Concello www.salcedadecaselas.es ou no taboleiro de anuncios do mesmo Concello.

En Salceda o Entroido é unha das súas festas máis grandes, para o que se prepara xa unha ampla programación que será presentada ao completo uns días antes das festas.

A programación municipal completará o xa tradicional enfrontamento entre Castro Barreiro e A Feira, que hai xa máis de 125 anos se ven celebrando, e para o que os barrios levan xa tempo traballando arreo no máis estricto segredo.

Teresa Pérez, Concelleira de Cultura: “Estamos ante a nosa festa máis tradicional, que en Salceda se remonta a máis dun século de tradición. Agardamos que un ano máis o noso Concello sexa referencia na festa do Entroido e agardamos a visita de milleiros de persoas para o que estamos a traballar xa entre as diferentes concellarías”.



David Alonso Bargiela

Nº Reg. Mediador: C002676907675E

Axente de Seguros Exclusivo de Seguros Bilbao Gerente

david.alonso@segurosbilbao.com

Venezuela nº 33, Bajo
36204 Vigo (Pontevedra)

M 628 181 255 - F 986 220 029

LOURIÑA

SALCEDA

Salceda acolle unha charla do “Plan Maior Seguridade”

O Centro de Servizos Sociais da Devesa acolle mañá martes a partir das 16:00 horas unha charla dirixida ás persoas maiores do municipio, dentro do “Plan Maior Seguridade”. O Plan está impulsado pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior e desenrolado pola Garda Civil e a Policía Nacional. A charla no caso de Salceda estará impartida por membros da Garda Civil do Porriño, e preséntase con varios obxectivos:

- Previr as principais ameazas detectadas para a seguridade das persoas maiores:
 - o Maltrato nas súas distintas vertentes.
 - o Roubos (nos seus domicilios; con violencia; especialmente no entorno das entidades financeiras...)
 - o Hurtos.
 - o Estafas e uso fraudulento das súas propiedades, fondos, contas e cartillas de aforro por parte de terceiras persoas.

- Fomentar a confianza das persoas maiores nas Forzas de Seguridade e no desenrolo de conductas proactivas para a denuncia das situacións e delitos dos que poidan ser vítimas.
- Perfeccionar a resposta policial na súa actuación coas persoas maiores.

Teresa Pérez, Concelleira de Benestar Social: “Estas iniciativas resultan fundamentais para os nosos maiores, xa que son as vítimas ideais ante timos, estafas e outros engaños. A mellor forma de protección debe ser a correcta información, e os maiores de Salceda teñen unha boa oportunidade con esta actividade”.



Charlas para maiores

O Centro de Servizos Sociais da Devesa acolleu unha charla dirixida ás persoas maiores, dentro do “Plan Maior Seguridade”. A charla no caso de Salceda estará impartida por membros da Garda Civil do Porriño, e preséntase con varios obxectivos: Previr as principais ameazas detectadas para a seguridade das persoas maiores: Maltrato nas súas distintas vertentes.

Roubos (nos seus domicilios; con violencia; especialmente no entorno das entidades financeiras...)

Fomentar a confianza das persoas maiores nas Forzas de Seguridade e no desenrolo de conductas proactivas para a denuncia das situacións e delitos dos que poidan ser vítimas.

Perfeccionar a resposta policial na súa actuación coas persoas maiores.



O concello de Salceda contratará 24 persoas desempregadas ao longo do 2016



Un total de 24 veciños e veciñas de Salceda de Caselas contarán no 2016 cun contrato de traballo ao abeiro do programa de ‘Obras e Servizos de Competencia Municipal 2016’, posto en marcha pola Deputación de Pontevedra e ao que se adheriu o Concello salcedense solicitando o máximo de postos permitidos para o seu caso.

Os contratos, de 35 horas semanais, terán unha duración variable de entre 6 e 2 meses, dependendo da praza da que se trate. Os postos ofertados son 5 peóns de limpeza, 5 peóns de albanel, 4 peóns de xardinería, 1 animador/a sociocultural, 1 orientador/a laboral, 2 auxiliares administrativos, 1 conductor, 3 monitores-socorristas e 2 auxiliares de policía.

As persoas interesadas deberán estar inscrita na Oficina de Emprego do Porriño e, entre as condicións imprescindibles, están as de non ser perceptores ou Perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI ou PREPARA) e posuír a categoría de oficial ou peón, segundo sexa necesario para o posto ao que opten.

Estas contratacións, segundo explicaba a

concelleira de Emprego, Loli Castiñeira, cumpren o dobre obxectivo de, por unha banda, “aliviar a situación pola que atravesan moitas familias que teñen un ou varios dos seus membros en situación de desemprego” e, doutra banda, facer un servizo público “xa que desenvolverán labores de acondicionamento, limpeza e mellora das zonas medioambientais; conservación e mantemento das infraestruturas, e prestación de servizos básicos á comunidade”.

Loli Castiñeira suliñaba tamén o feito de que con estas contratacións realizadas coa colaboración da Deputación de Pontevedra, búscase “dar un mellor servizo aos veciños e veciñas en distintos eidos”, tanto no que fai referencia ao mantemento e mellora de infraestruturas “como no que respecta a poder ofertar actividades que melloren o benestar da veciñanza”.

A responsable de Emprego do Concello de Salceda de Caselas, suliñaba, por último, a importancia que ten “o feito de que estas persoas poidan adquirir unha experiencia profesional que lles permitirá mellorar a súa capacidade de inserción no mercado laboral”.

Salceda Trail dos Penedos



SALCEDA

Salceda vístese de Entroido

Ven de celebrarse a presentación do Entroido no Concello de Salceda de Caselas, coa presenza do Alcalde, Marcos Besada, a Concelleira de Cultura, Tere Pérez, e representantes dos barrios de Castro Barreiro e A Feira, así como de algunhas das agrupacións que van desfilar o domingo. Unhas 1200 persoas desfilarán polas rúas de Salceda en cada un dos desfiles do venres 13 e domingo 15. O venres día 13 será o turno dos centros escolares (públicos e privados) do municipio. Así, cóntase coa participación das Escolas Infantiles Manus, Xoaniña e A Galiña Azul, o CRA Raíña Aragonta, o CEP Altamira e o IES Pedras Rubias, que como cada ano amosarán o seu enorme traballo e creatividade en nenos e nenas de idades entre os 0 e os 18 anos. Esta estase a converter nunha cita multitudinaria en Salceda, que ano tras ano ve as súas rúas ateigadas de xente para presenciar este variado desfile. A cita será o venres ás 11:30, e pasará polas rúas Rosalía de Castro, Ador, Joaquín Fernández Sestelo, Praza do Concello, Rúa Pontevedra, Rúa Dr. Zonzunegui, Av. Victoriano Pérez Vidal, Rúa Rafael Tilve Adrio, Rúa Coruña e Parque Raíña Aragonta.

O domingo, día grande a nivel municipal, terá lugar o XVII Desfile de Carrozas e Comparsas, de novo con uns 1200 participantes repartidos en 13 agrupacións chegadas de Salceda, O Porriño, Tui e Tomiño. As comparsas recibirán pola súa participación axudas que van dende os 100 ata os 700 €, en función do número de compoñentes de cada agrupación. Ademais de participar no desfile, as agrupacións subiránse tamén ao escenario para recitar as súas coplas, que seguro tratarán dos temas de máis rabiosa actualidade. A Concellaría de Cultura afronta esta cita como unha das máis importantes do ano, xa que nos últimos anos ten congregado a milleiros de persoas presenciando o espectacular desfile. As diferentes agrupacións traballan arreo para ter todo listo para a cita, que sen dúbida volverá marcar páxina na historia do entroido da comarca.

A programación municipal complétase con actividades para os máis cativos durante o sábado, coconcerto das Maimiñas ás 12:00 e a festa infantil ás 17:00, ambos no Parque Raíña Aragonta.

O domingo ás 12:00 será o turno da Banda Cultural de Salceda, que ofrecerá o seu tradicional concerto de Entroido na Praza do Concello. E pola noite, unha vez

rematado o desfile de carrozas e comparsas e o concurso de coplas, chegará o turno da verbena, que nesta ocasión contará coas orquestras Saudade 73 e Leticia Espectáculo.

O luns e o martes, o Concello cede o turno para o Entroido máis tradicional do municipio, o que ven enfrontando dende hai máis dun século aos barrios de A Feira e Castro Barreiro. Estes dous barrios

traballan arreo dende hai meses, no máis absoluto segredo, para que non transcenda ningunha información ao barrio rival. Para iso, como confirmaron as representantes dos dous barrios, funciona xa a pleno rendemento o "servizo de espionaxe", que trata de conseguir información de temáticas, coreografías, músicas... Teresa Pérez, Concelleira de Cultura: "Estamos ante a nosa festa

máis antiga e queremos seguir a ser referencia en todo o País. Queremos agradecer a enorme participación que teñen os nosos actos e o bo comportamento e competitividade que ano tras ano está a caracterizar a nosa programación".

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "Salceda prepárase para acoller unha vez máis a milleiros de visitantes, que aproveitarán

ademais para disfrutar da nosa oferta turística e de ocio. Transmíto unha vez a nosa noraboa aos veciños e veciñas de A Feira e Castro Barreiro por seguir a manter viva unha tradición centenaria, e por facelo cada vez con máis forza se cabe. Así mesmo, felicitamos ás agrupacións participantes no desfile do domingo, que sen dúbida están a acadar un nivel superior cada ano que pasa.



ENTROIDO 2016
Do 5 ao 9 de febreiro

VENRES
As 11:00 desfile dos centros escolares
- E. I. A Galiña Azul
- CRA Raíña Aragonta
- CEP Altamira
- IES Pedras Rubias

SÁBADO
As 16:30 no Parque Raíña Aragonta
Festa Infantil de Disfraces
(en caso de choiva Pavillón de Deportes)
As 19:00 no Auditorio Municipal
Concerto da Banda Cultural de Salceda
con Vaamonde, Lamas e Romero
(Aforo limitado - Venda de entradas anticipada na Casa da Cultura)

DOMINGO
As 16:30 XVIII Desfile de carrozas e comparsas
Praza da Devesa, Rúa Vigo, Av. de Galicia,
Av. Victoriano Pérez Vidal, Rúa Rollo e
Praza do Concello
As 18:30 na Praza do Concello
VIII Concurso de Coplas de Entroido
As 20:30 na Praza do Concello
Verbena cos grupos YUKATÁN e MONTREAL

LUNS
Verbena de Entroido en A Feira e Castro Barreiro

MARTES
As 17:00 no entorno da Praza do Concello
desfile das carrozas e comparsas de
A Feira e Castro Barreiro
Verbena de entroido en ambos barrios

 Concello de Salceda de Caselas
Concellaría de Cultura

LOURIÑA

O PORRIÑO

O goberno do Porriño impulsará co CTAG a formación de desempregados no sector da automoción



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada polo concelleiro de Urbanismo e Industria, Marcelino Coto, visitou a sede do Centro Tecnolóxico do Automóvil de Galicia (CTAG) e mantivo unha xuntanza cos seus responsables, encabezados polo director desta entidade, Luis Moreno.

Eva García de la Torre tivo a oportunidade de coñecer polo miúdo os proxectos nos que traballa o CTAG, entre eles novos materiais, enxeñería mecánica, seguridade pasiva, propulsión, emisións, ergonómica, fiabilidade, instrumentación ou automatización, aplicadas á automoción. Nos distintas áreas e laboratorios desenrola a súa función un total de 440 persoas, de sete nacionalidades distintas, a meirande parte delas doutores e enxeñeiros especializados en diferentes disciplinas.

A alcaldesa tamén percorreu o novo edificio do Centro Tecnolóxico, inaugurado

en 2014, e que ven de facer que o CTAG aumentase a súa superficie edificada ata os 20.000 metros cadrados, a metade do espazo total, 40.000 metros cadrados, que ocupa no Polígono Industrial de A Granxa. Tanto Luis Moreno como Eva García de la Torre constataron as “inmellorábeis relacións” que manteñen o Concello do Porriño e o CTAG, “cunha longa historia de colaboración e interese mutuo” e abordaron novas ideas que serán beneficiosas para as dúas entidades e posibilitarán que o Centro Tecnolóxico do Automóvil poida seguir desenrolando as súas investigacións a pleno rendemento.

A alcaldesa plantexou como ven facendo nos constantes contactos co Centro Tecnolóxico do Granito a súa absoluta prioridade para impulsar e poñer en funcionamento a formación de persoas en paro para que adapten os seus coñecementos ás necesidades das empresas,

neste caso do sector da automoción, “no que Porriño é un referente mundial”. A iniciativa ten o respaldo do CTAG que mesmo indicou que o inicio da fabricación da furgoneta K-9, na planta de PSA, suporá unha importantísima carga de traballo para o cento de empresas auxiliares de Citroën abrindo, de novo, unha saída profesional para moitas persoas.

Ademais, Eva García de la Torre, comprometeuse cos directivos do Centro Tecnolóxico a estudar a viabilidade de que o CTAG dispoña do espazo necesario para ubicar un circuíto de probas de media e alta velocidade. Na actualidade, e co aumento da actividade do Centro, estas instalacións precisan de máis espazo que permita asumir o volume de encargos que ten o organismo que, como lembrou Luis Moreno, compite con entidades similares de Francia, Alemaña, Xapón ou os Estados Unidos.

Programa de envellecemento activo

A partir do 1 de febreiro dará comezo no CSCD As Pedriñas, o primeiro programa de envellecemento activo, eixo fundamental do proxecto socio-terapéutico Pedra Longa.

Risoterapia, xerontoximnasia, estimulación cognitiva e memoria, introducción ás novas tecnoloxías e informática, entre outras, conforman algúns dos obradoiros ofertados en canto a actividades grupais. Este programa vai dirixido a todas aquelas persoas que en idade adulta desexan camiñar cara a vellez, participando de maneira activa en actividades deseñadas e adaptadas ás necesidades que estas presentan.

Complementamos este programa ofrecendo asesoramento familiar no eido dos servizos sociais e atención especializada a persoas con párkinson, accidente cerebro vascular, artrose, osteoporose, demencias (senil, corpo de Lewy, vascular...) entre outras afeccións médicas.



A alcaldesa visita a escola de música e impulsará as melloras necesarias para o seu perfecto funcionamento

A alcaldesa visitou a Escola Municipal de Música do Porriño onde coñeceu a fondo o traballo dos seus profesores, compartiu clases cos seus alumnos e mantivo unha xuntanza co director da mesma para que a informase das necesidades que ten este organismo no que cursan estudos máis de 140 porriñeses, de entre 4 e 65 anos.

A Escola, na que os cativos de 4 a 5 anos se inician coa ‘Música en movemento’, antes de pasar á ‘Linguaxe Musical’, para as rapazas e rapaces de 6 e 7 anos en diante, como paso á entrada no ‘Grao Elemental’, a partir dos 8, unha formación que dura 4 anos e que é anterior aos dous cursos de ‘Grao Medio’, que habilita para o ingreso no Conservatorio.

Eva García de la Torre, que amosou a súa impaciencia por acudir ao Festival de Nadal,

na que os alumnos da Escola serán os protagonistas- e que se celebra no Centro Recreativo Cultural- comprometeuse á colocación dunha rede WI-FI de acceso a Internet, “unha necesidade do centro que imos atender de inmediato porque é precisa para a mellora da formación”.

A alcaldesa tamén impulsará a creación dun ‘Banco de Instrumentos’, “sobre todo de percusión”, que permitirá aos alumnos dispor dos mesmos cando os precisen. Ata o da gora, funciona un pequeno ‘servizo de alugueiro’ de instrumentos para aqueles estudantes que non os poden mercar e que ten un custo de 59 € anuais.

Por último, a alcaldesa estudará a posibilidade de que o curso remate en xullo, un mes máis tarde do que é habitual, dado que as clases empezaron este ano con algo de demora sobre o que era habitual.



O PORRIÑO

A alcaldesa ordena a realización das reparacións urxentes do CEIP plurilingüe de Atios



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, xunto coas concelleiras Lourdes Moure e Soledad Girón, fixo unha visita o CEIP Plurilingüe de Atios para coñecer en persoa as necesidades deste centro educativo no que cursan os seus estudos un total de 210 rapazas e rapaces de infantil e Primaria.

O director do colexio fixo unha descrición polo miúdo dos proxectos que está a desenrolar o mesmo e sinalou a importancia de acometer distintas reparacións nas instalacións, algunhas de máxima urxencia, como a colocación dun valado de protección na área de re-

creo dos pequenos de Educación Infantil.

Eva García de la Torre comprometeuse a acometer esta mesma semana a obra de xeito que estea rematada nos vindeiros días. O concello, asegurou a alcaldesa, tamén arranxará os desperfectos causados nos vestiarios por un incendio e polos problemas causados por unha fuga de auga na zona das duchas, que é a causa da caída de varios paneis do teito. Os técnicos municipais examinarán o remate da parte superior do ximnasio, parte da cal que se retirara os para gañar preto de medio metro de altura e para evitar os efectos da condensación.

A alcaldesa do Porriño comprométese a acelerar a ampliación de Lonza

Eva García de la Torre, alcaldesa do Porriño, mantivo unha xuntanza de traballo con representantes de Lonza para tratar da ampliación da fábrica, unha necesidade "imprescindible" para que a compañía, líder a nivel mundial, poida completar o seu proxecto de expansión. Segundo salientou o director xeral de Lonza Porriño, Luis Sánchez Ureña, o mesmo permitiría "duplicar a produción" e aumentar "significativamente" a súa plantilla, composta na actualidade por 352 traballadores, 295 das cales son fixos e 57 temporais.

A ampliación da planta-que ocupa unha extensión de preto de 35.500 metros cadrados- pasa, segundo lembrou o concelleiro de Urbanismo, Marcelino Coto, pola 'modificación puntual' do planeamento urbán, un trámite que a alcaldesa comprometeuse a acelerar solicitando unha en-

trevista co Goberno de Galicia, coa finalidade de que se remate axiña o informe previo de impacto ambiental.

O director xeral de Lonza Porriño sinalou que o obxectivo é que as obras poidan empezar en 2017, indicando que as mesmas facilitarán que a planta acade un volumen de negocio de 1.500 millóns de euros na vindeira década.

García de la Torre e Sánchez Ureña, tamén estudaron a posibilidade de que, como xa plantexou a alcaldesa ao Clúster do Granito e ao da Automoción, o Concello e Lonza colaboren na formación de desempregados de cara a súa integración laboral, un eido no que Lonza Biologics Porriño ten unha experiencia continuada cúa meta é dispor, nun prazo de dous anos, de persoas preparadas para incorporarse á fábrica porriñesa ou a calquera do grupo en todo o mundo.



Restaurante O'Rianxo
Algo diferente no Condado
Novo local



Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

el Cuatro
PINCHOTECA

Rúa Trobador X. García de Guillade, 4 - Pontearreas

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACION E ASesoramento DE EMPRESAS



José Abrales Amit
Economista

Rúa Domingo Bueno, 4
Entrechán A
36400 Porriño

Telf.: 986 33 82 90
Fax: 986 34 43 87
www.orgaserco.com

Citania
Mobiliario & Descanso

Victoriano Pérez Vidal, 13 • Salceda de Caselas
Telf./Fax: 986 34 06 06
www.facebook.com/citania • info@citanciasalceda.com
www.citanciasalceda.com

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Porriño desenrolou un completo programa de Nadal que se prolongou durante 16 días



O Concello do Porriño desenrolou durante o pasado Nadal un completo programa de actividades abrangendo dende actuación musicais á presenza de Papa Noel e os Reis Magos, pasando por unha axenda de lecer, para nenos e maiores, que se desenrolou dende o 11 de decembro ata o 6 de xaneiro.

Logo do encendido das luces en todo O Porriño, empezou co 'Encuentro de Panxoliñas', no Centro Recreativo Cultural; seguindo co Concerto de Nadal da Escola de Municipal de Música, no Centro Recreativo Cultural; os días 17 e 18 os Paxes Reais visitarán os Colexios e os días 19 e 20 fíxoo Papá Noel que visitou a Praza da Avenida de Galicia e a Praza da Urbanización El Sol.

Actuaron as rondallas de Pontellas e de Santa Eulalia, así como o 'Encuentro de Panxoliñas' na Igrexa de Santa María. O do-

mingo día 20 a Rondalla Santa Eulalia de Atios actuou na Igrexa de Cans.

Houbo obradoiros de 'Postais e Adornos Navideños'; Maquillaxe Navideño' xunto coa Visita do Elfo de Papá Noel.

Odía 23, na Praza do Concello, Festa de Papá Noel, Obradoiro de Cartas e visita do propio Papá Noel. O día 24 houbo Recepción Oficial a Papa Noel, con Panxoliñas Solidarias, na Praza do Concello. O día de Nadal a Rondalla



de Pontellas actuou en Mosende e Chenlo.

O sábado, día 26, disputouse o Trofeo Nadal de Fútbol 'Concello do Porriño', en Torneiros. Ese mesmo día pola tarde chegaron ao Pavillón de Deportes, Os Bo-lechas; e nova actuación da Rondalla Santa Eulalia de Atios

actuacións das Rondallas Santa Eulalia de Atios e Pontellas.

O ano 2016 comezou co Certame de rondallas no Pavillón. O domingo foi día de rondallas. A de Santa Eulalia de Atios fixo un Pasarrúas polo centro urbán e máis tarde actuou no Centro Re-creativo Cultural; a Rondalla de



no Círculo do Alba, en Torneiros e pola tarde en San Salvador de Torneiros.

O domingo día 27, a Rondalla de Pontellas actuou, pola tarde, no centro urbán e a Rondalla Santa Eulalia de Atios no Cultural de Pontellas.

O luns, día 28, non podía faltar a Festa dos Inocentes, na Praza do Concello. Ese mesmo día empezaba a disputa do Torneo Nadal de Baloncesto Base, que continuou até o martes día 29. O mércores, día 30 Festa Pre-Fin de Ano, na Praza do Concello (cotillón, uvas, chocolate, churros e actuación dunha orquestra) que foi precedida ploas

Pontellas estivo no Centro Cultural Casal de Budiño e no Centro Cultural A Forna.

O luns 4 de xaneiro na Praza do Concello, Festa Real, con Obradoiro de Cartas e Visita do Car-teiro Real.

O martes chegaría a 'Cabalgata de Reis'. As carrozas saíron do pavillón ás 6 e media da tarde para chegar á Praza do Concello onde as Súas Maxestades Mel-chor, Gaspar e Baltasar foron re-cibidos oficialmente, no Concello, pola alcaldesa.

O mércores, día 6, a Rondalla Santa Eulalia de Atios actuou en distintos sitios durante todo o día.

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
PONTEAREAS / 654 07 57 51

MATRÍCULA
GRATUÍTA

O PORRIÑO

Por: Guillermo Rodríguez

Requiem polo amigo Barros

José Manuel Barros González, o que foi alcalde de O Porriño durante un montón de anos, sempre con maiorías absolutas, deixounos días pasados.

Nos medios de comunicación faláron, a modo de despedida, moitos políticos do seu partido e doutros partidos. Emocionoume, especialmente, o artigo que lle dedicou Raúl Francés, exalcalde de O Porriño, que tan ben o coñecía, aínda que ideoloxicamente estiveran a anos luz un do outro. Eu coñecín e tratei a BARROS, como director do xornal galego A PENEIRA, durante máis de vinte anos. Fíxenlle un montón de entrevistas nas que sempre me preguntaba, no momento de comezar, se xa tiña a escopeta cargada coa munición que me facilitara a Oposición ao seu goberno. El sabía que a entrevista ía ser cordial pero rigurosa. Endemais me puxo pega algunha do que lle preguntaba e do que logo se publicaba. Comigo Barros sempre se comportou coma un político respectuoso cos medios, alomenos con A Peneira que eu tiven a honra de dirixir. Aí están as hemerotecas para demostralo. Xa se falou e publicou da súa faceta política: fundador do chamado "Sindicato de alcaldes" (con outros colegas como Cuiña (q-e,p.d.) de Lalín, Mera, da Cañiza e outros moitos) que puxeron en apuros aos políticos urbanitas de Pontevedra e Vigo, quitándolles a alternancia que

viñan practicando coa presidencia da Deputación; xa se dixo que Barros traballou sempre para o

cousas máis.

Pero eu quero destacar a súa faciana como persoa próxima, en-

aínda que fora dunha envergadura importante. Barros tiña grandes tentáculos que podían

dos seus amigos. No mundo actual era un luxo. Hoxe a amizade é unha señora esquiva que non sabes cando che vai dar o golpe. Obviamente os seus rivais políticos poderán mostrar outra faceta; é comprensible; pero como persoa, como humano, Barros non defraudaba a ninguén.

O Porriño ten unha débeda histórica con este home, con este alcalde. Aplaudo as verbas da actual alcaldesa cando declara na prensa que vai propoñer á Corporación ofrecerle unha homenaxe ao alcalde Barros e dedicarlle unha rúa. De ben nacidos é ser agradecidos; o pobo de O Porriño ten moito que agradecer a este home, a este alcalde, que ven de deixarnos para sempre.

Quero, nestes momentos de aflicción, ofrecerle a súa dona, sempre tan atenta cos amigos do seu marido, e aos seus fillos e netos/as meu afecto máis entrañable e respecuoso. Que diante de perda do seu ser querido deben contemplar o afecto de amizade que moitos e moitas lle profesamos a seu pai, por se lle pode servir dalgún consuelo.

Descansa en paz, amigo Barros. Que os deuses do Olimpo te reciban nos seus oráculos, coa seguridade de que en pouco tempo os tes a todos metidos no peto. Que así sexa.



seu partido sen que llelo recoñeceran debidamente; que estaba empeñado en converter a vila de O Porriño nunha cidade moderna, industrial (neste eido conseguíuno) e de servizos; que pelexou coas distintas Administracións centralistas para eliminar o paso a nivel da vía do tren, sen conseguilo, e moitas

trañable, amiga. A min demostroume con feitos, que non son para relatar aquí, nin en ningún outro sitio, que á marxe das ideas políticas de cada quen, era unha persoa na que te podía confiar, a que podías acudir en caso de necesidade que sempre te ía atender e tratar de resolver o problema que lle prantexaras,

abrazar un montón de situacións moi diferentes. Sempre podías contar coa súa atención e empeño en darche unha solución. Meu pai dicíame que un amigo era aquel ao que lle podías deixar a carteira e a chave da túa casa. Eu a Barros deixáballe todo iso e moito máis, na certeza de que non ía ser traizoado. Era amigo



LOURIÑA

O PORRIÑO

Eva García de la Torre, alcaldesa do Porriño, integrante da dirección da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)



A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, ven de integrarse na dirección da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), como vogal da Comisión

Executiva e o do Consello Federal da mesma.

Este organismo, fundado en 1988, está constituído polos 314 concellos, as 4 de-

putacións provinciais e as 9 entidades locais menores que existen en Galicia e ten como principais funcións a defensa dos intereses da Administración Local o fomento da participación cidadá na vida local ou a defensa xudicial dos intereses veciñais, mesmo con capacidade para acudir ao Tribunal Constitucional.

Na actualidade, a FEGAMP traballa, como indica a alcaldesa do Porriño, na demanda dun cambio do modelos de reparto da participación dos Concellos nos ingresos do Estado, o cal permitirá dotar aos mesmos de maior estabilidade financeira. Do mesmo xeito, está en trámite a petición ao Goberno de Galicia que a participación dos concellos nos ingresos da Xunta se regule cunha lei autonómica.

No caso concreto de Galicia, a Federación proporá unha fórmula de reparto, tanto ao Goberno Estatal como Autonómico, que considere as características singulares de poboación, superficie e envellecemento e que a mesma teña en conta os eidos demográficos e territoriais como a dispersión ou envellecemento- e o feito de que os concellos asumen competencias doutras administracións, como as de Benestar, Educación ou empregabilidade.

As solicitudes para o DNI nas oficinas da Policía Local



A partir de mañá mércores día 20, as solicitudes de citas para a tramitación do DNI realizaranse nas oficinas da Policía Local na rúa Antonio Palacios 1, edificio do Concello, en horario de 8:30 a 14:00 horas de luns a venres de forma presencial ou por teléfono (649 897 073). A expedición do DNI realízase en dous días: un para os trámites e outro para a recollida, dado que se trata dunha oficina volante. En ambos casos, as xestións continuaránse desenvolvendo no Centro Cultural. O custo é de 10,60 € e gratuito para familias numerosas.

MOS

O Concello de Mos oferta un novo obradoiro de axilidade mental para maiores

Os interesados en participar poden inscribirse ata o vindeiro 9 de febreiro

A concellería mosense de Participación Cidadá que dirixe a edil Kely Monzón promove un obradoiro coa finalidade de mellorar as habilidades e capacidade cognitivas dos maiores do municipio titulado "Exercitando a nosa mente".

O obradoiro céntrase no traballo das habilidades psicomotrices e cognitivas dos maiores, partindo do obxectivo principal de fomentar a súa autodeterminación e independencia. Outros dos obxectivos son promover a calidade de vida das persoas maiores do municipio de Mos, impulsar a participación das persoas maiores, favorecer a integración das persoas da terceira idade na vida do municipio, establecer relacións sociais positivas e previr a soidade e propiciar o mantemento das capacidades cognitivas, persoais, físicas e sociais das persoas maiores.

Poderán beneficiarse desta iniciativa todas aquelas persoas empadroadas no Concello de Mos, maiores de 65 anos, ou pensionistas maiores de 55 anos.

As diversas actividades das que consta o obradoiro levaranse a cabo no Multiusos das Pozas de Mos, situado na parroquia de



Petelos. Os interesados en participar poderán acceder a esta actividade a través do cumprimento da solicitude que poden obter no departamento de Participación Cidadá, e no Rexistro do Concello ata o 9

de febreiro, ese día incluído. A lista de admitidos será publicada o 10 de febreiro. As actividades realizaranse todos os xoves pola mañá dende febreiro a abril. Concretamente os días 11, 18 e 25 de febreiro;

3, 10, 17 e 31 de marzo; 7, 14 e 21 de abril, sendo o horario de 12:00 a 13:30 horas.

Este obradoiro de actividades para as persoas maiores seguirá unha dinámica activa e participativa, polo que se intentará motivar aos destinatarios propondo diariamente actividades variadas e atractivas de estimulación cognitiva.

Para estimular o desenvolvemento cognitivo realizaranse talleres abertos a todo tipo de variantes (exercicios de memoria, de atención, cálculo, escritura, lectura, expresión plástica, estimulación dos sentidos, orientación espazo-temporal, linguaxe, etc.). Todo adaptado ás idades e destrezas dos participantes.

Mediante a realización destas actividades, e seguindo a metodoloxía proposta, conseguirase establecer lazos de comunicación entre os/as participantes, intercambiando experiencias e opinións; atribuíndo así unha maior riqueza e complementariedade ás actividades. Ademais, este obradoiro pretende ser unha fonte de estimulación intelectual e psicomotor, de forma que sexan motivadoras e que inciten a participar de forma activa.

MOS

Mos convoca o seu tradicional desfile de comparsas para o Entroido

Neste desfile poderán inscribirse, ata o día 22 de xaneiro, todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 25 compoñentes



A concellería de Cultura convoca, un ano máis, o tradicional desfile de comparsas, que se realizará o domingo día 7 de febreiro ás 17:30 horas na Avenida de Sanguñeda.

Para poder inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 25

compoñentes. Na modalidade de adultos alomenos o 60 % de compoñentes deberán ser maiores de 13 anos e na infantil alomenos o 60% de compoñentes menores de 12 anos.

As inscricións poden presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9:00

horas a 14:00 horas. O prazo remata o venres 22 de xaneiro, ese día incluído. As follas de solicitude están a disposición dos interesados na oficina de Rexistro, así como tamén na páxina oficial do concello www.mos.es. As comparsas que teñan o seu domicilio social en Mos, terán prioridade na inscrición.

O Concell resérvase o dereito de ampliar o prazo de inscrición se así o considerase necesario.

Premios

Os premios serán de 500 euros para a mellor comparsa infantil, 500 euros para a mellor comparsa de adultos e 500 euros de premio especial para a mellor carroza.

As gratificacións por participación no desfile serán, ás comparsas de 25 a 40 compoñentes 300 euros e as de máis de 41 compoñentes, 400 euros. Estas gratificacións asignaranse por rigorosa orde de inscrición, ata acadar a cantidade disposta polo Concello; sendo o presuposto máximo a estes efectos de 5.500 euros.

O Bng de Mos presenta enmendas aos orzamentos da Xunta

O Bng de Mos presentou a través da parlamentaria nacionalista Carme Adán, un conxunto de enmendas aos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2016.

O Bng continúa loitando e traballando para a mellora da calidade de vida de todos/as as cidadáns do noso concello, e para iso, conta coa colaboración dos representantes que o Bng ten en calquera institución.

En total son seis enmendas que a continuación relatamos:

1. Reforma do CEIP Pena de Francia, tras a visita que realizou Carme Adán a este centro, presentouse esta enmenda que busca reformar o centro máis antigo e que está en peor estado do noso concello. Falsos teitos a punto de caer e de fibra de vidro, mal aillamento, pintado en mal estado,..... ou sexa un auténtico dsastre que ate o de agora o PP non subsanou.
2. Construción dun comedor no CEIP Mestre Valverde : están empregando neste momento instalacións que non son adecuadas para ofrecer o servizo de comedor
3. Dotar de fisioterapeuta o centro de saúde de Mos : vella reclamación veciñal que o PP segue a negarse a levar a cabo, e que xa foi motivo dunha recollida de sinaturas
4. Remate da obra do vial entre Pereiras e Tameiga: obra que quedou a medias e que é necesario o seu remate, pasando a asumir a titularidade a Xunta de Galiza
5. Reforma do vial entre Capela San Amaro e vial provincial EP2601 : este vial é moi empregado xa que une a parte norte do concello coas instalacións do multiusos, piscina, etc.. así como é utilizado polos autobuses que levan a rapaces ao CEIP e instituto de Petelos
6. Reforma do vial entre Tameiga e Cella : eixo transversal que está en moi mal estado, tamén queremos que a Xunta de Galiza asuma a súa titularidade.

Estas obras cremos firmemente que son imprescindibles para mellorar a calidade de vida do día a día dos cidadáns de Mos. Esperemos contar co apoio de todos os partidos que teñen representación neste concello para que a Xunta as leve a cabo.



O Bng de Mos vota en contra da moción sobre a área metropolitana

É unha utilización máis da área para o enfrentamento político

Segundo comunica o BG de Mos, a presentación da moción do PP sobre a Área Metropolitana de Vigo, xa deixaba entrever a verdadeira razón de fondo: dar unha baza á Xunta no enésimo enfrentamento con Abel Caballero. O PP, aínda admitindo cambios na moción, cedeu o suficiente para o entendemento entre todos os partidos, que sería só facer unha exposición de motivos, deixando de lado os puntos de acordo.

A exposición de motivos sería a seguinte:

"Dende o pleno de Mos, queremos mostrar o noso máis profundo malestar coa

demora que de xeito inxustificable levamos sufrindo na formación da área metropolitana de Vigo.

Os continuos desacordos entre as institucións afectadas (nomeadamente Concello de Vigo e Xunta), impiden que os enormes beneficios que suporía a implementación da Área metropolitana poidan chegar aos cidadáns do noso concello.

Por iso facemos un chamamento, para que dunha vez por todas, se logre un acordo e se deixe de utilizar a Área metropolitana como arma arrojadiza entre as institucións, e para que como non pode ser doutro xeito, se impoñan os in-

tereses dos cidadáns sobre os intereses dos partidos" xa que existe un grave trastorno para os habitantes de Mos relacionados co coste e descoordinación de servizos públicos, especialmente co transporte, derivado do retraso na posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo, na que este Concello quedaría integrado."

Este texto demostra as claras cal é a posición de todos os partidos, e sobrarían máis puntos de acordo. A moción aprobada por Gañamos e o PP, recolle este texto pero rebaixado o tono de astío que demostra, e ademais tres puntos de acordo.

Retirando eses puntos finais habería acordo, porque non se retiran?, deben de contestar os grupos que a apoiaron.

A propia convocatoria dun pleno extraordinario por este tema xusto antes da reunión da Xunta cos concellos, a publicación de notas de prensa estes días do PP claramente partidarias, demostran e deixan clara que quere o PP, unha instrumentalización política do acordo ao que se chegou no pleno. O Bng de Mos non vai entrar neste tipo de xogos políticos. Isto é un paripé máis de enfrentamento Abel versus Xunta, que vai dilatar máis a Área Metropolitana. Coa cercanía das eleccións galegas, vemos aínda máis difícil que se leve a cabo.



VAL MIÑOR

GONDOMAR

Unha novela de Manuel Janeiro para estrear 2016 no club de lectura Sete Vidas

O pasado martes 12 deste mes que andamos arrancou o novo ano para o club de lectura Sete Vidas da asociación Espazo Lectura, que dedicou a súa sesión mensual a comentar a novela *O sexo masculino dos anxos*, do autor Manuel Janeiro (nado en Madrid, namorado de Vigo e do Val Miñor nos veráns da infancia que pasou en Panxón, e residindo hoxe en Peititeiros-



Gondomar). Ademais de escritor, Janeiro é deseñador gráfico e fundador, xunto con Francisco Mantecón, do primeiro estudio de deseño gráfico de Galicia a finais dos setenta e é responsable de máis de 3.000 cubertas de libros de editoriais como Galaxia, Gredos, ou institucións como o Consello da Cultura Galega ou a Real Academia Galega. A cita foi na Biblioteca de Gondomar

GES. Servizo necesario, tramitación deficiente

O BNG non comparte o actual modelo, competencia da Xunta



Na xunta da Mancomunidade do Val Miñor celebrada no día de hoxe todos os grupos políticos, excepto o Bloque Nacionalista Galego que manifestou a súa abstención, apoiaron a adenda con reparos ao convenio entre Xunta, FEGAMP, Deputacións Provincial e concellos para o servizo do Grupo de Emerxencia Supramunicipal, o antigo GRUMIR. Este servizo, imprescindible para o Val Miñor, vén desempeñándose cunha xestión irregular en canto ao método de contratación do seu persoal. O feito de ter que aprobar esta adhesión con reparos débese a unha ineficaz xestión tanto da Xunta de Goberno da Mancomunidade do Val Miñor, incapaz de solvertar os defectos reflexados nos correspondentes informes xurídico e de intervención. Estréase con torpeza o Alcalde de Nigrán, Juan González, non só polo feito de elevar a xunta da mancomunidade un acordo con reparos, sinón tamén por non ter convocado previamente á mesma a correspondente xunta informativa. Agrávase este comportamento coa falta de argumentación na exposición do punto, convertindo a xunta da mancomunidade nun mero trámite administrativo, baleiro de debate e

de contido. Esta estratexia englobase dentro do habitual seguidismo do PSOE no Val Miñor aos postulados de Abel Caballero respecto á Área Metropolitana. Os reparos observados polo informe de intervención sinalan, ademais, a insuficiente dotación orzamentaria, xa que o convenio reflexa un custe total de 169.000 € anuais, cando na práctica o real é de 268.535,79€, aportando a Mancomunidade 132.420,79€. En canto á situación do persoal, sinalan ambos informes que se produce unha irregularidade no método de contratación, celebrándose sucesivos contratos temporais, cando ditos traballadores deben adquirir de facto a condición de persoal indefinido da Mancomunidade. Por todo elo, o Bloque Nacionalista Galego, reconece que a adenda é un mal menor, sobre todo para preservar os postos de traballo do persoal actual. Mais non comparte o actual modelo, competencia da Xunta de Galiza, no que Medio Rural se retrasa nos pagos, provocando importantes tensións de tesourería e cun mapa de emerxencias desastroso. En concellos onde o BNG goberna non continuou baixo este modelo, asumindo o Concello o persoal.

Encontro de rondallas



A GUARDA

As condicións do pavillón da Sangriña deixan fora A Guarda como sede da Copa da Raíña de Balonmán

O alcalde da Guarda mantivo, dende o pasado mes de decembro, contactos coa Federación Galega de Balonmán e a alcaldesa de Porriño para propoñer que a celebración da copa da Raíña tivese como sede os concellos da Guarda e Porriño. O concello da Guarda ofertou a súa colaboración en termos similares aos do ano 2013. Daquela a competición tivo como sedes os dous concellos e a participación económica da Guarda foi de 6000€.

Fai un días aparecía publicado nos medios de comunicación que a copa da Raíña de balonmán tería como sede exclusiva o concello de Porriño. O alcalde da Guarda pú-

xose en contacto cos presidentes das Federacións Galega e Española para coñecer os pormenores desta decisión.

O presidente da Federación Española de Balonmán, Francisco Blázquez, comunicou ao alcalde, Antonio Lomba, que na Federación, coñecedores da traxectoria do Mecalía-Atlético Guardés e da gran afección do Pobo ao balonmán feminino, estaban interesados en que A Guarda fora sede da competición, pero que as esixencias impostas por televisión española, para a retransmisión dos partidos por teledporte, en canto ao escaso aforo do pavillón e ao limitado espazo para as cámaras, foron determinantes para descar-



tar a Vila Guardesa como sede da competición.

Dende o concello da Guarda lamentan non dispoñer dun pavillón municipal que cumpra os requisitos que se esixen para un evento

deste tipo. Os responsables municipais queren chamar a atención doutras administracións como a Deputación de Pontevedra, a Secretaría Xeral para o Deporte e o Consello Superior de Deportes,

sobre a necesidade que ten A Guarda dun pavillón que cumpra coas demandas que, ademais do Mecalía-Atlético Guardés, teñen feito outros clubs, asociacións, e afeccionados da localidade.

180077 persoas visitaron o monte Trega no 2015

O número de visitantes que accederon ó monte Santa Trega entre o 15 de febreiro e o 31 de decembro do 2015 foi de 180077 persoas, o que significa un incremento de 13029 persoas con respecto a temporada de 2014.

O mes con maior número de visitantes foi o de agosto, con 50904 turistas e os de menor afluencia os de febreiro e decembro (4834 visitantes). Cabe sinalar o incremento de practicamente 2000 visitantes que se produciu nos meses de outubro e novembro (18700 visitantes en 2015 fronte os 16885 de 2014).

A estes datos habería que engadirle unha importante número de visitantes que acceden ó monte o mes de xaneiro e sobre todo os luns do ano, datas nas que o

Masat e a caseta de cobro permanece pechados.

Das persoas que accederon ó Monte, o Museo Arqueolóxico de Santa Trega (MASAT), recibiu a visita de 52.000 turistas. Ademais, as persoas que optaron por participar nas visitas guiadas, servizo que o Padroado Monte Trega prestou entre os meses de abril e outubro, sumaron un total de 13800 visitantes.

Por último sinalar que máis de 1000 alumnos de colexios procedentes de distintos puntos de Galicia participaron nalgún dos distintos obradoiros didácticos desenvolvidos no MASAT e ó redor de 800 alumnos dos centros educativos da Guarda asistiron ás visitas organizadas con motivo da reescavación da zona de Mergelina



Case 1.000 quilos de tapóns ao Banco de Tapóns do Baixo Miño

O Concello da Guarda fixo entrega esta semana aos traballadores do Banco de Tapóns do Baixo Miño, case 1.000 quilos de tapóns que foron recollendo ao longo do ano grazas a solidariedade dos veciños e veciñas da localidade. Estes tapóns, como é habitual, terá como finalidade axudar a tres nenos, Cristian, Sofia e Alejandro, nos seus tratamentos e necesidades.

Este tipo de actividade lévase desenrolando dende o Concello da Guarda dende hai moitos anos. Así, incluso foron entregados varias toneladas tapóns para cos-tear a prótese de man que precisaba Diogo Farinhoto, neno de dous anos de Portugal.

Os tapóns estaban foron recollidos no Punto Limpo da localidade.

O Concello da Guarda convida aos veciños e veciñas da localidade a continuar a súa



labor solidaria e entregar os seus tapóns para reciclar e axudar a nenos e nenas que padezan algún tipo de discapacidade. O lugar onde depositar estes tapóns é o Punto Limpo

A Guarda acolle a exposición fotográfica: IX Certame Viaxando

A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) da Guarda informa que a partir do 13 xaneiro o edificio do Concello da Guarda albergará a exposición composta polas fotografías participantes no 9º certame fotográfico Viaxando.

Este concurso está organizado polas OMIX da Guarda, O Rosal, Tomiño, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas, Porriño e pola Casa de Xuventude de Tui e nel participan mozos e mozas de distintos puntos da xeografía galega.

A exposición poderá ser visitada no Concello ata o 30 de xaneiro.



BIAXO MIÑO

A GUARDA

Actividades lúdicas e formativas da OMIX para o 2016

A Omix do Concello da Guarda, dependente da Concellería de Xuventude, lanza xa a súa primeira proposta de accións formativas e lúdicas para o ano 2016. Os cursos ofertados para estes dous primeiros meses de ano son: portugués, lingua de signos e un obradoiro de calcenecos (obradoiro para realizar

bonecos e peluches con material de refugallo).

Os dous primeiros teñen un custe de 25€ e a última das accións será gratuíta. Toda a información e inscricións poderase atopar na OMIX, a través do teléfono 986614546, no mail informacion@aguarda.es ou no perfil FACEBOOK, a partir do día 11 de xaneiro de 2016

CURSOS XUVENTUDE

FORMACIÓN 2016

PORTUGUÉS
PREZO 25€

lingua de signos
PREZO 25€

obradoiro calcenecos
de baile

HORARIOS

PORTUGUÉS: martes e xoves de 20:00 a 22:00 horas
comezo febreiro

LINGUA DE SIGNOS: martes e xoves de 20:00 a 22:00 horas
comezo finais xaneiro

OBRAIDRO CALCENECOS: 29 xaneiro 2016 19:30 a 21:30
986614546, informacion@aguarda.es

A GOIAN

Pride, unha comedia británica no cineclub Poleiro

O cineclub Poleiro proxectou Pride, de Matthew Warchus, no auditorio de Goián. Pride (Orgullo) é unha comedia dramática británica baseada en feitos reais que trata a homosexualidade.

En 1984, sendo primeira ministra Margaret Thatcher, o sindicato Nacional de Mineiros convoca unha folga. Un grupo de gays e lesbianas recada fondos para axudar ás familias dos traballadores na manifestación do orgullo Gay en Londres pero o

sindicato rexeita os cartos. O grupo decide poñerse en contacto directo cos mineiros e van a unha localidade de Gales. O contraste entre o grupo londinense, todo cor, co gris que envolve a localidade mineira provoca momentos brillantes.



Melchor, Gaspar e Baltasar reciben aos nenos e nenas da Guarda

Os Reis Magos chegaron a vila da Guarda puntualmente acompañados polo seu séquito de máis de trinta paxes.

Melchor, Gaspar e Baltasar recibiron a todos os nenos e nenas guardeses na Casa dos Alonsos. Acompañados pola charanga "Os Zanfornos", polo grupo de gaitas da Terceira Idade e polo grupo de baile Xamaraina, foron atendendo á multitude de rapaces e rapazas que lles esperaban.

Preto dos 700 nenos e nenas puideron contarlle a Melchor, Gaspar e Baltasar o que pediran de regalo e ademais, algúns deles, facerlle entrega da carta de desexos. Outros, con ilusión, quixeron regalarlle divertidos debuxos, e incluso houbo algún que lle entregou o seu chupete. Fíxéronse fotografías con todos eles e ademais, fíxéronlle entrega dun pequeno agasallo e unha bolsa de gomilonas.

Mentres, os paxes, percorreron a fila entregando caramelos a nenos, pais e nais, avós e avoas. En total, repartíronse preto dos 300 quilogramos de caramelos. A gran recepción real foi un éxito, e isto notábase na cara de ledicia dos pequenos e pequenas



que podían ver aos Reis Magos de preto.

Dende o Concello da Guarda queremos dar as gracias a Melchor,

Gaspar e Baltasar, e tamén a todos os guardeses e guardesas que fixeron desta celebración un momento moi especial.

A mostra "Vestidos con pincel, cosidos con agulla" no Centro Cultural guardés

O Centro Cultural guardés acolleu dende o pasado 10 de decembro unha mostra que nos amosa reproducións de cadros dos grandes pintores galegos que levaron á súa obra a indumen-

taria tradicional galega en diversas situacións e momentos. Pintores e dibuxantes coma Soutomaior, Carlos Sobrino, Máximo Ramos, Román Navarro ou o mesmo Castelao forman parte dos fondos do Museo de

Pontevedra que inspiraron esta colección.

A mostra que foi acollida cun gran interese entre o público guardés polo que veu ampliada a súa estadia na Guarda ata o pasado sábado 9 de xaneiro.



BARFERENCIAS DE INVERNO

2015/2016




Venres 20 de Novembro ás 20:00 h
no restaurante O Cangrexal
"A testemuñas dun século de historia."
María González Parraja

Xoves 3 de Decembro ás 20:30 h
na Cervecería ITACA
"Reescavando Mergellina."
Rafael Rodríguez

Venres 18 de Decembro ás 20:30 h
na Casa dos Alonso
"A salina do Seixal."
Mar Cortegoso

Venres 15 de Enero ás 20:30 h
no Bar Teclas
"De Luis Vello a Alonso Ríos, viaxe polas escolas
de Galicia."
Xosé Manuel Matheiro

Venres 29 de Enero ás 20:30 h
no Bar Bergantín
"Talasomía da Costa da Guarda."
Roberto Rodríguez Álvarez

Venres 26 de Febrero ás 20:30 h
no Bar Aquilino
"15 neceitas por frete."
Fari Alonso Tamayo

ORGANIZAN




CONCELLO DA GUARDA




<http://www.aguarda.es>



Practica A Guarda

BIAXO MIÑO

TUI

Fotos: Hernández

Tui: desfile-concurso de Entroido o lúns 8 de febreiro



O Concello de Tui vén de facer públicas as bases para participar no Desfile-concurso de Entroido que se celebrará na cidade o luns, 8 de febreiro. Precisamente a celebración en luns é unha das novidades que presenta este ano a convocatoria xunto á valoración no premio xeral da “actualidade” das propostas a concurso.

Poderán participar tanto grupos coma a comparsas que presentar no Rexistro de Entrada da Casa do Concello de Tui o impreso normalizando o xoves 21 e o venres 22 deste mes de xaneiro en horario de 9 a 14h. Establécese un límite de participación a 18 comparsas e a 3 grupos, por orde de inscrición, coa salvidade de que non quedará fóra ningún grupo ou comparsa de Tui.

Os grupos deben ter un mínimo de 12 integrantes e un máximo de 20. Mentres as comparsas deben estar compostas por un mínimo de 25 persoas disfrazadas.

O desfile-concurso celebrarase o luns, 8 de febreiro, polas rúas Casal Aboy, Compostela, Betanzos, Irmáns Maristas, Ourense e A Guarda. No Enterro do Bacallau

no que deben participar os grupos e comparsas inscritos de rigoroso loito para poder facer efectivos os premios do concurso e as compensacións económicas.

Así segundo o establecido nas bases desta actividade as comparsas tudense percibirán pola súa participación 250€ e 500€ se van acompañas de carroza, cifras que no caso de comparsas de fóra do municipio será de 125€ e 250€. No caso dos grupos de Tui recibirán 100€ e 200€ se levan carroza, e os doutros concellos 20€ e 100€ respectivamente.

Haberá sete premios na categoría xeral. Valorarse actualidade, vestiario, parodia, acompañamento musical e carroza. Os premios van de 700 € o 1º, aos 100 € para o 7º. En carrozas hai sete premios; dos 400€ a os 50€. Mentres en acompañamento musical establécense catro premios de 250€, 150€, 100 e 50€ e un en Fantasía dotado con 250€.

As bases completas do desfile-concurso poden consultarse da web www.concello-tui.org, e no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e no departamento de Secretaría.

I Mostra da Camelia Cidade de Tui



O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro foi o responsable de inaugurar a I Mostra da Camelia Cidade de Tui na Sala de Exposicións Municipal, na Área Panorámica de Tui.

Esta actividade estivo organizada por un grupo de tudenses amantes da camelia coa colaboración do Concello de Tui

xunto á Deputación de Pontevedra e a Sociedade Española da Camelia. Na mesma participaron sesenta expositores de Galicia, Portugal e Asturias. Amais de distintas variedades de camelia, coma novidade houbo tamén aceites e marmeladas feitos a base dos pétalos destas flores.



XII Regata Miño Internacional Copa Presidenta da Deputación



Corenta e dúas embarcacións pertencentes a 15 clubs españois e portugueses participaron om pasado domingo na XII Regata Miño Internacional Copa Presidenta da Deputación, organizada polos clubs Remo do Miño e Remo Tui co apoio do Concello de Tui. En conxunto foron 238 remeiros competindo nesta proba en

Catro Scull masculino e feminino, en Oito con temoneiro e en Oito veterano. A saída foi dende San Pedro da Torre para rematar fronte aos clubs de remo e piragüismo en Tui, tras completar os barcos unha distancia de 6 quilómetros. Na súa intervención o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, destacou o remo coma un dos piares que

sustentan a proxección deportiva do municipio, o que significa tamén proxección turística e cultural e captación de recursos. Engadía que hai que ser ambiciosos e aspirar a que Tui poida ser sede de probas europeas ou mundiais deste deporte. Fixo amais un chamamento aos dous clubs a avanzar no camiño para a súa fusión. Pola súa parte o concelleiro

de Deportes, Laureano Alonso, agardaba que esta proba sirva de impulso ao remo en Tui nun ano importante ao ser olímpico, ao tempo que desexaba a pronta fusión dos dous clubs existentes.

O presidente do Club Remo do Miño, José Luís Méndez, que hai 36 anos cando naceu a Regata Miño Internacional era adestrador do club, sinalou o mérito da entidade por manter esta regata durante case catro décadas.

Francisco Javier Álvarez, presidente do Club Remo Tui, foi o encargado de aportar os datos técnicos da competición, ao longo de 6 quilómetros dende San Pedro da Torre en Valença ata Tui nas modalidades de Catro Scull feminino e masculino, Oito con temoneiro e Oito veterano. Salientou que a participación se in-



crementou nun 10% con respecto o ano pasado. Os clubs de Tui presentou 6 tripulacións que competiron en Catro Scull mascu-

lino e feminino e Oito veterano. A participación máis numerosa foi a do club de Viana con sete embarcacións.



TUI

Tui foi o segundo punto a nivel nacional de saída de peregrinos a Santiago

Na última década pasouse de 2.500 a 13.800 camiñantes que partiron da cidade. Os peregrinos representan o 29% das 28 mil consultas recibidas na Oficina Municipal de Turismo de Tui

Tui foi en 2015 o segundo punto a nivel nacional de saída de peregrinos cara Santiago de Compostela despois de Sarria. O ano pasado foron 13.799 as persoas que partiron de Tui cara Compostela segundo os datos da Oficina de Acolida ao Peregrino. Esta cifra supón 2.200 persoas máis que en 2014. Nos últimos anos o Camiño de Portugués a Santiago ten rexistrado un notable incremento no número de camiñantes, e Tui, coma punto de entrada a Galicia deste traxecto ten experimentado un notable auxe pasando do décimo posto en 2005 con 2.533 peregrinos, o 2.70% do total, aos case 13.800 do ano pasado, que supuxeron o 5,26% do total.

Parte dos peregrinos que realizan o Camiño Portugués a Santiago achéganse ata a Oficina Municipal de Tui situada na Praza de San Fernando. Durante o 2015, entre os meses abril e decembro en que estivo aberta, esta Oficina atendeu a máis de 28 mil persoas. Deste total 19.883 foron



turistas e 8.199 peregrinos, estes últimos representan o 29% das consultas. No que a turistas se refire a meirande parte deles, 17.989 eran españois principalmente de Madrid, Barcelona, Valencia e Vizcaya, mentres que os 1.894 restantes procedían de ata 46 países, sendo os máis numerosos de Portugal, Francia, Reino

Unido e Alemaña. Mentres mandaron información 5.478 peregrinos estranxeiros de ata 64 nacionalidades, maioritariamente de Portugal, Alemaña, Italia e Reino Unido. Tamén 2.721 peregrinos españois pasaron por esta oficina chegados principalmente de Madrid, Sevilla, Pontevedra e Barcelona.

Agosto foi o mes en que maior número de consultas se realizaron na Oficina Municipal de Turismo. Foron 8.121 das que 5.945 foron realizadas por turistas nacionais, 482 por estranxeiros, 718 por peregrinos nacionais e 976 por peregrinos estranxeiros. Xullo foi o segundo mes no que máis persoas pasaron por este

punto con 6.902 consultas. Mentres os meses de menor afluencia foron novembro con 653 persoas e decembro con 696.

A estes datos hai que sumar ás máis de 3 mil persoas que se achegaron ao Punto de Información Turística que este verán abriu na Praza da Inmaculada. Tendo en conta que as persoas que se achegan ata a Oficina de Turismo non o fan soas senón acompañadas cando menos doutra persoa máis, polo que se pode facer un cálculo de que máis de 100 mil persoas foron as que visitaron Tui durante o ano 2015.

A Catedral de Tui e o Parque Natural do Monte Aloia puntos de interese

Compre salientar tamén as boas cifras de visitantes de dous dos buques insignia da cidade coma son a Catedral de Tui, que de abril a xullo, computou máis de 35 mil visitas, e do Parque Natural do Monte Aloia por cuxo centro de visitantes pasaron máis de 10 mil persoas.

Eurocidade Tui-Valençã en FITUR como destino único e privilexiado en España

Durante 25 minutos expuxéronse as potencialidades das dúas cidades coa proxección dun vídeo e a intervención dos dous mandatarios

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro convidou esta tarde en FITUR, a Feira Internacional de Turismo, en Madrid, a coñecer unha Eurocidade única en España. Coa súa intervención remataba a presentación da Eurocidade Tui-Valençã baixo o título "Mil anos de historia". O evento realizado no posto de Turgalicia contou coa presenza da Directora Xeral de Turismo, Nava Castro, e do Xerente do Xacobeo, Rafael Sánchez Bargiela, amais do concelleiro de Turismo de Tui, Laureano Alonso e do vareador de Turismo de Valençã, Jorge Salgueiro Mendes.

Un vídeo amosando o patrimonio cultural, natural, deportivo, gastronómico,... tanto de Tui coma de Valençã con "séculos de memoria compartida" abriu esta presentación na que o Camiño de

Santiago tivo tamén protagonismo ao ser a Valençã o último punto en Portugal do Camiño Portugués e Tui a porta a entrada

a Galicia. As pontes internacionais, rúas comúns da Eurocidade, a Fortaleza de Valençã, o Parque Natural do Monte Aloia, a gastro-

nomía resaltaron en imaxes ao longo de sete minutos de proxección a Tui e Valençã coma un destino privilexiado.



A continuación interveu o presidente da Cámara de Valençã, Jorge Salgueiro Mendes, pechando o acto o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, completando así os 25 minutos dos que dispuñan.

O alcalde de Tui fixo unha valoración moi positiva desta presentación por ter a oportunidade de dar a coñecer a marca de calidade da Eurocidade, resaltando a riqueza patrimonial e natural das dúas cidades, facendo fincapé na diversidade de ocio ligada ao río Miño, a variedade da riqueza gastronómica e hostaleira.

A presenza en FITUR é a primeira cita coas feiras de turismo que ten a Eurocidade, xa que no mes de abril acudirá, con posto propio, á BTL que se celebra en Lisboa.

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Taller de constelacións familiares, de parella, persoais, laborais

En colaboración coa Asociación Érguete Baixo Miño, Dña. M^a Jesús Alfonso Amoedo –Psicoterapeuta, coach, especialista en PNL- impartirá un taller de Constelacións Familiares. Trátase dunha ferramenta terapéutica que axuda a solucionar e mellorar as relacións persoais, familiares, de parella ou laborais. É dicir, a través das constelacións -unha experiencia vivencial- poden desenmarañarse os enredos do noso sistema familiar e recuperar a fortaleza e os vínculos fundamentais que estaban detidos nun determinado conflito.

A actividade está aberta a toda a poboación que desexa participar, diferenciando

entre as persoas que desexen constelar (coste 50 €) e as que prefiren servir de apoio á constelación (gratis).

Este primeiro taller terapéutico realizarase durante toda a xornada do sábado día 30 de xaneiro a partir das 10:00 h. da mañá no local social da Asociación Érguete Baixo Miño.

Todas aquelas persoas que desexen constelar ou participar como apoio poderán inscribirse deixando os seus datos no local da Asociación Érguete Baixo Miño sita na r/Colón, 20 (Edif. O Pescador 1º piso) de A Guarda -Pontevedra, ou ben no teléfono 986 614 407 ou no e-mail info@erguete.org

TALLER DE CONSTELACIÓNS familiares, de parella, persoais, laborais



A Policía Local de Tomiño aumenta o parque móbil de vehículos coa adquisición dunha moto

A Alcaldesa e membros do corpo de policía municipal recolleron o vehículo de mans do Vicepresidente da Xunta de Galicia
Alfonso Rueda



O Concello de Tomiño recibiu esta mañá a primeira moto da que disporá o corpo de da Policía Local de Tomiño. Trátase de unha Yamaha XT 660 R.

A Alcaldesa acompañada de membros da Policía Local foron os encargados de recoller o vehículo nas instalacións da Xunta de Galicia en Pontevedra. Os membros da policía local encargáronse do seu traslado. O Concello de Tomiño viuse beneficiado dunha subvención da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia pola cal se cede en propiedade a motoci-

cleta ao Concello de Tomiño para a utilización por parte do persoal da Policía Local.

A Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, destacou que “esta adquisición ven a mellorar o servizo prestado aos veciños e veciñas en materia de seguridade”. Segundo González, o Concello de Tomiño no último ano “tense beneficiado de importantes melloras no departamento de seguridade como ten sido o C4 Cactus da Policía Local ou o Volkswagen Amarok de Protección Civil que redundarán na mellora do servizo”.



CONCELLO DE
Tomiño

O CONCELLO DE TOMIÑO PUBLICA AS BASES DO DESFILE DE COMPARSAS “VENRES DE FOLIADA”.

**O “Venres de Foliada” será o venres
día 5 de febreiro ás 21h30 no Seixo, no caso
de choiva aprazase para o 12 de febreiro.**

**O número máximo de comparsas
a inscribirse é de 20.**

O Concello de Tomiño publica as bases do desfile de comparsas “Venres de Foliada”. O evento será o venres 5 de febreiro ás 21h30, en caso de choiva aprazase ao venres 12 de febreiro.

O prazo para inscribirse será do 18 ao 22 de xaneiro sendo a solicitude necesaria entregar por rexistro. As bases da convocatoria recollen que o máximo de comparsas a participar será de 20, non poder quedar fora ningunha comparsa ou grupo de Tomiño.

É un requisito imprescindible que as comparsas estén formadas por un mínimo de 15 compoñentes e as carrozas non poderán superar 8 metros de longo, 3,5m de ancho e 4,5 de alto. Así mesmo non serán admitidas comparsas con cabalos.

A saída do desfile iniciarase dende o Colexio Pedro Caselles e a orde das comparsas será por rigoroso orde de chegada ao lugar de saída.

As bases están disponibles na web municipal e nas dependencias municipais.

TOMIÑO

Os obradoiros infantís “As nosas amigas as plantas” inicia un ano máis a súa andaina nos centros educativos

É un proxecto do Concello de Tomiño e de Acubam que vai pola súa terceira edición.



A 13ª Mostra de Cultivos do Baixo Miño celebrárase o vindeiro 2 e 3 de abril e os nenos e nenas de Tomiño terán un stand expositivo cos traballos levados a cabo nos obradoiros.

O Concello de Tomiño e Acubam inicia a 3ª edición do Programa Infantil “As nosas amigas as plantas” nos Centros Educativos. Os obradoiros iniciáronse o pasado martes cunha primeira sesión no CEIP Sobrada no que participaron tres aulas correspondentes ao grupo infantil de 3, 4 e 5 anos. O xoves tocoulle o turno ao CEIP Pintor Antonio Fernández e a vindeira semana tocaralle o turno ás aulas do CRA Manuel Garcés.

No proxecto participarán todos os centros educativos de infantil e primaria. Máis de 300 nenos e nenas de Tomiño se beneficiará da actividade.

A inicitiva forma parte da programación da 13ª Mostra de Cultivos do Baixo Miño que este ano se celebrará o 2 e 3 de abril no Pavillón de Goián.

O proxecto “As nosas amigas as plantas” inclúen cinco sesións nas que o alumnado aprenderá de forma lúdica-didáctica o valor do rural e do sector primario.

As sesións organizáanse en torno ás seguintes actividades:

1ª sesión: plantar unha planta nunha bota en desuso que logo será exposta na 13ª Mostra de Cultivos.

2ª sesión: debuxos con legumes aproveitando que o ano 2016 foi decretado pola FAO o ano internacional das legumes.

3ª sesión: xerminación dunha legume, concretamente dun chícharo. Cada neno plantará o legume e irán observando os cambios ao longo do tempo.

4ª puzzle de vexetais/plantas: os nenos e nenas crearán un puzzle sobre legumes caracterizadas por ser tubérculos como a patata, a cenoura ou a cebola, de forma que o puzzle supoña relacionar o tubérculo e a parte aérea da legume que os nenos habitualmente non ven.

5ª separar/reciclar e compostar: aprendízase dos diferentes residuos e de como facer compost.

O Concello de Tomiño e Acubam están a traballar nesta vindeira edición da Mostra de Cultivos que voltarán cunha nova programación dirixida ao sector profesional e a público en xeral.



ADETO: campaña do Nadal co sorteo dos cheques regalo, entre as máis de 37.000 papeletas



As 20:30 h da tarde de onte, 8 de xaneiro, procedeuse a elixir os números gañadores dos 105 premios dados polos establecementos participantes na campaña, así como os 11 premios dados por ADETO.

Os gañadores dos premios de ADETO téñense que pasar pola súa oficina, en horario de 9:30 a 13:30 de luns a venres, co seu número, onde tras verificar que é o premiado, entregaránselles a cada un os cheques regalo que poderán canxear en calquera dos asociados que participaron nesta campaña. Para os premios dos establecementos deberanse dirixir ca rifa premiada directamente ó comercio que deu o premio.

Unha campaña na que se celebrou un ano máis o concurso de postais de Nadal, entre os nenos de tódolos colexios do concello de infantil e primaria, e no que participaron uns 400 alumnos, resultando premiadas 8 postais de varias categorías, sendo os gañadores:

- Inés Piñeiro Harguindey - 6º primaria (CEP Pedro Caselles)
- Paula Rivero Fernández - 6º primaria (CEP Pedro Caselles)
- Iago Cal Fernández - 3º Primaria (CEP Pedro Caselles)
- Ángela Sestelo Bouzada - 3º Primaria

(CEIP Sobrada)

- Joel Álvarez Guerner - 2º Primaria (CEIP Tebra)
- Anía Prado Moreira - 2º Primaria (CEIP Tebra)
- Sergio Torreiro Álvarez - 2º Infantil (CRA Mestre Manuel Garcés - Aula Estás)
- María Brito Ucha - 1º Infantil (CRA Mestre Manuel Garcés - Aula Seixo)

Os números gañadores dos premios de ADETO son os seguintes:

- Prancha eléctrica o número: 33486
- Xogo de sarténs o número: 14801
- Xogo de sarténs para tortilla o número: 19926
- Batería de 5 pezas o número: 20084
- 25 euros os números: 06138 / 17984 / 35947
- 50 euros os números: 03746 / 16700
- 75 euros o número: 01424
- 100 euros o número: 38623

O resto de premios pódense consultar na web WWW.ADETO.ORG, no facebook ou nos locais asociados.



MISCALENEA

O Concello de Tomiño e acuBam achegan propostas do sector do viveirismo a Conselleira de Medio Rural

A Mostra de Cultivos do Baixo Miño celebrarase os días 2 e 3 de abril e será a 13ª edición da feira.



O Concello de Tomiño e a Directiva de acuBam (Asociación Cultivos Baixo Miño) entrevistáronse coa Conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Me-

juto, a quen lle presentaron un dossier de proxectos para o 2016 co fin de dinamizar o sector do viveirismo de planta ornamental.

A cita acudiron a Alcaldesa, Sandra González, e membros do equipo directivo de acuBam encabezados polo seu presidente, Jose Cosmed, a secretaria da

asociación, Patricia Rodríguez e o tesoureiro, Manuel Babelo. A entrevista responde a petición tanto do Concello de Tomiño como de acuBam co fin de aunar esforzos de cara a trazar liñas de traballo que fagan progresar o sector do viveirismo non só en Tomiño senón na comarca.

O Concello de Tomiño e ACUBAM mostraron a Conselleira de Medio Rural, diferentes propostas formativas de cara a mellorar a formación dos asociados e da poboación en xeral, máis tamén deron conta das necesidades do sector de índole lexislativa e administrativa que entorpecen a competitividade do sector no panorama internacional. Ademais, presentaron un proxecto de estudo de plantas autóctonas de baixo consumo de auga e de uso medicinal e adiantaron a programación da 13ª edición da Mostra de Cultivos do Baixo Miño que terá lugar os días 2 e 3 de abril.

Na entrevista coa Conselleira, a Alcaldesa de Tomiño e acuBam explicaron as necesidades e as prioridades do sector nas que destacan as de formación e investigación.

A Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, mostrou a súa satisfacción pola entrevista da que destacou "a importancia de que as administracións traballen conxuntamente para poder acadar resultados que redunden no sector". Segundo González, "o viveirismo en Tomiño é un sector estratéxico que conta con máis de 400 hectareas cultivadas e que ten vinculados máis de 400 postos directos e 250 indirectos dos cales o 80% son femininos. É polo tanto un sector cun claro peso económico que o Concello respalda dentro das súas posibilidades".



Probas para o Certificado Celga en Ponteareas

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ponteareas, dependente da Concellería de Cultura e Lecer, Normalización Lingüística e Turismo, que dirixe Hortensia Bautista Fernández, quere informar da convocatoria da Secretaría Xeral de Política Lingüística das probas oficiais para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga).

O prazo para poder inscribirse nas probas para a obtención do certificado que acredite o coñecemento da lingua galega rematará o día 8 de febreiro de 2016 e a realización das probas terá lugar os días 2,3,9 e 10 de abril de 2016.

Todas aquelas persoas interesadas na realización destas probas poden dirixirse ao Servizo Municipal de Normalización Lingüística, situado no segundo andar da Casa do Concello, onde recibirán información, asesoramento, poderán recoller a solicitude e o impreso de taxas, ademais de recibir información sobre todos aqueles aspectos relacionados coa obtención dos

certificados de lingua galega (Celga). Igualmente, poderán consultar todos os aspectos relacionados con esta convocatoria na páxina web do Concello de Ponteareas a través desta ligazón.



Salceda de Caselas prepara o Entroido máis importante da Comarca

O Concello de Salceda de Caselas, ao traveso da Concellaría e Festas que dirixe Teresa Pérez, ven de publicar as bases para a participación no XVIII Desfile de Carrozas e Comparsas que se celebrará no municipio o domingo 7 de febreiro de 2016. Durante a semana do 18 ao 23 de xaneiro serán as agrupacións pertencentes a Salceda as que poidan formalizar a súa solicitude de participación no desfile, e na semana do 25 ao 30 será o turno para as agrupacións de outros municipios, que poderán ocupar as prazas restantes por orde de solicitude.

As agrupacións deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes, e poderán presentarse con ou sen carroza, establecéndose diferentes categorías en ámbolos dous casos. Ademais, o desfile completárase co concurso de coplas no que participan toda-

las agrupacións. Todas as comparsas admitidas recibirán unha compensación económica pola súa participación, que varía entre os 100 e os 700 € en función do número de compoñentes.

Ademais da dotación económica, establécese un xamón como premio para diversas categorías: A mellor música en directo, a mellor coreografía, a comparsa máis festeira, a comparsa con maior número de componentes, o tema máis orixinal, o mellor vestiario, a carroza máis traballada, a carroza máis orixinal, o mellor traballo en conxunto, as coplas máis divertidas, as coplas mellor recitadas e o participante de maior idade, así como un agasallo para o participante máis novo.

Toda a información e as bases do concurso poden consultarse a través da páxina web do Concello www.salcedadecaselas.es ou no ta-

boleiro de anuncios do mesmo Concello.

En Salceda o Entroido é unha das súas festas máis grandes, para a que se prepara xa unha ampla programación que será presentada ao completo uns días antes das festas. A programación municipal completará o xa tradicional enfrontamento entre Castro Barreiro e A Feira, que hai xa máis de 125 anos se ven celebrando, e para o que os barrios levan xa tempo traballando arreo no máis estrito segredo.

Teresa Pérez, Concelleira de Cultura: "Estamos ante a nosa festa máis tradicional, que en Salceda se remonta a máis dun século de tradición. Agardamos que un ano máis o noso Concello sexa referencia na festa do Entroido e agardamos a visita de milleiros de persoas para o que estamos a traballar xa entre as diferentes concellarías".

POLÍTICA

En Marea tece unha alianza coas forzas de cambio do resto do Estado como solución perante o inmovilismo da Mesa do Congreso controlada polas forzas do vello réxime

En Marea, que se presentou con voz propia ás eleccións xerais do 20D, resolveu o bloqueio da Mesa do Congreso ao grupo parlamentario creando unha alianza estratéxica e fraternal coas forzas que no resto do Estado trouxeron o cambio e a ruptura coa vella política: o grupo plurinacional Podemos-En Comú Podem- En Marea.

"Esgotamos as vías de diálogo e atopamos unha negativa rotunda a entender a realidade plurinacio-

nal. Non quixemos deixar que nos seguisen marcando o camiño e a creatividade fíxonos buscar unha solución cos demais aliados pola ruptura co Réxime. Esta é a mellor opción dentro das posibles para representar as diferentes voces que saíron do 20D. Os partidos do búnker seguirán sen entender nada", declarou a portavoz de En Marea Alexandra Fernández.

"Hai xente que se cre que é propietaria desta casa e pensa que pode xogar coa vontade de millóns

de votantes. Non quixemos seguir sendo marionetas e estamos satisfeitos con esta alianza, pero nalgún punto chegamos a pensar que o PSOE estaba negociando a súa investidura cun tema tan serio", denunciou o portavoz de En Comú Podem Xavier Domènech.

"Trátase dun grupo plurinacional de organización confederal para traballar de igual a igual. Enfronte había nula vontade política por parte de organizacións que apoiaron outras forzas e aplicaron un

dobre raseiro. Foi a proba definitiva de que non era unha cuestión legal senón unha excusa", engadiu o portavoz de Podemos, Íñigo Errejón.

A Agrupación Parlamentaria En Marea, integrada no Grupo Plurinacional en pé de igualdade co resto das forzas, suporá na práctica que Galicia e os seus intereses teñan voz propia no Congreso dos Deputados e a cidadanía galega estea representada: portavocía propia, participación en debates,

axenda propia, entidade xurídica e independencia política e económica.

Dende En Marea lamentamos que a Mesa do Congreso non teña estado á altura da súa responsabilidade e que priorizara intereses partidarios fronte á vontade expresada polo pobo galego nas eleccións do pasado 20D.

A portavocía da Agrupación Parlamentaria En Marea, que será rotatoria, corresponderá inicialmente a Alexandra Fernández.

Polo Plan de Obras da Deputación Tui investirá preto de 500 mil euros

O Concello de Tui anuncia que de xeito inmediato comezarán as obras dos proxectos aprobados ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación de Pontevedra de 2015 que suporán en conxunto un investimento de máis de 476 mil euros. Así por unha banda vaise acondicionar un parque infantil no Montño en Rebordáns cun importe de 26.494,86 euros.

No rural investiranse 52.744,66 euros para a mellora da pavimentación



no lugar de Estrada, Randufe, 46.506,63 euros no lugar da Devesa en Rebordáns, 28.897,98 euros en Outeiro, tamén en Randufe, 30.267,62 euros no acceso ao Monte das Penizas dende o Rapadoiro, en Paramos, 37.345,62 euros para investir en melloras no lugar de Fonteseca, en Pexegueiro. Por outra parte tamén de xeito inmediato o Concello de Tui comezará a construír un muro de contención no entorno das Instalacións Deportivas Álvarez Durán, paso previo

para a colocación dun novo céspede, co que en conxunto se investirán 120 mil euros. Outros 105 mil euros deste plan provincial serán destinados á sinalización das parroquias e lugares no termo municipal. Amais grazas ás baixas da adjudicación de obras da Deputación disporase de 29 mil euros para beirarrúas na Gándara en Guillarei, para o pintado de rúas no casco urbano, o asfaltado e pintado do arranxo da rotonda en Guillarei dirección Caldelas.

PLATAFORMA CIDADÁ QUEREMOS GALEGO

Queremos galego recorre nos xulgados unha sanción da delegación do goberno pola manifestación do 17 de maio de 2013

A Delegación do Goberno impuxo unha sanción á plataforma cidadá Queremos Galego acusándoa de desperfectos e incidentes na manifestación do Día das Letras Galegas do 2013, observados presuntamente por policía malia as miles de persoas asistentes a través de redes sociais e os medios de comunicación teren sinalado o carácter pacífico e alegre desa e outras convocatorias da plataforma cidadá a favor da lingua galega.

Tal e como foi sinalado no seu momento, a denuncia policial foi realizada tres meses despois de transcorrida a manifestación, sen máis testemuñas que os propios po-

licías, acusando ao mesmo tempo dos mesmos feitos a colectivos que tamén se manifestaron, por outros motivos, en datas próximas polas rúas de Santiago.

Tras a denegación de varios recursos á sanción perante a delegación do goberno en Galiza e o Ministerio de Interior, a plataforma cidadá Queremos Galego recorreu aos xulgados. A terza feira (martes) 5 de xaneiro, ás 10.10 terá lugar o xuízo no xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Previamente o portavoz de Queremos Galego, Marcos Maceira, valorará a actitude da delegación do goberno e do Ministerio do Interior.

Compromiso X Galicia declara persoa non grata ao Arcebispo de Toledo

Compromiso X Galicia denuncia que as declaracións que o arcebispo de Toledo Braulio Rodríguez fai sobre a violencia machista en relación coa familia, o divorcio e o matrimonio, nunha publicación da igrexa, e que recollen hoxe os medios de comunicación, son totalmente inaceptables desde os posicionamentos democráticos da igualdade de xénero e da condena absoluta da violencia machista. Hai que respectar a memoria das 57 mulleres asasinadas no ano pasado e das dúas máis recentes en Madrid e Guadalajara só nestes primeiros días de ano; mulleres que viviron o inferno en vida só pola súa condición de muller; tampouco se poden esquecer as nenas e nenos que padeceron a violencia machista e que foron asasinados en razón desta. Vidas truncadas polo terror machista.

Segundo Zeltia Rodríguez, Secretaria nacional de igualdade de Compromiso, "cando as persoas ás que se lles presupón certa relevancia social, como é o caso do bispo de Toledo, ou mesmo calquera cura na súa parroquia, fan este tipo de declaracións, teñen que saber que están sendo cómplices dos violentos e mesmo están axudando a perpetuar un modelo de sociedade en que as mulleres renuncien á súa liberdade e se acomoden a unha vida submisiva respecto dos homes. E nesta submisión está a desigualdade que orixina a violencia de xénero".

PODEMOS



EIXOATLANTICO

*Ofrecemos
máis
información en*

novasdoeixatlantico.com

Visítenos

A Xunta incrementa nun 10% o apoi o traballo dos Consellos Reguladores de viño de Galicia

A conselleira do Medio Rural destacou a aposta do Goberno galego por este sector estratéxico na presentación, na Casa de Galicia en Madrid, da “Guía de viños, destilados e adegas de Galicia 2016”

A Xunta aposta polo fomento e promoción do viño galego, como sector estratéxico para a Administración autonómica, cun incremento do orzamento destinado a consellos reguladores vitivinícolas dun 10%, aumentando esforzos en materia de investigación calidade agroalimentaria.

Así o destacou a conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, na presentación da “Guía de viños, destilados e adegas de Galicia 2016”, obra do galego Luis Paa-dín.

O acto contou coa presenza do seu director, José Ramón Ónega-, a conselleira salientou que este apoio ao mundo do viño maniféstase coa concesión de axudas por importe de 1,6 millóns de euros no 2014 para controis de calidade, funcionamento e promoción dos consellos reguladores das 5 denominacións de orixe vinícolas de Galicia e da de Augardentes.

Para glosar o pulo do viño galego, Ángeles Vázquez lembrou os datos de produción das D.O. de viño de Galicia, que integran


baixo o seu selo un total de 16.371 viticultores e 448 industrias, cunha produción total de preto de 50.000 toneladas e un valor estimado que supera os 153 millóns de euros.

Datos da guía de viños

A Guía de viños galegos presentada en Madrid incorpora case 600 referencias; aparecen preto de 1.600 marcas de viños e 544 adegas e destilerías, practicamente todas as da nosa Comunidade. Para a elaboración desta publicación probáronse máis de 1.000 botellas.



Área Metropolitana: unha loita partidista



No Pleno Municipal celebrado o día de hoxe, o Partido Popular presentou unha moción que pretendía ser consensuada, convocou xunta informativa media hora antes, sin marxe de manobra para o acordo.

Nesta moción totalmente partidista, cando o propio Partido Popular non foi quen de desenvolver unha Lei da Área Metropolitana aprobada no 2012, prantéxase unha reforma da mesma con cinco puntos xenéricos e sin ter en conta ningunha das enmendas totais que o Bloque Nacionalista Galego presentou no Parlamento Galego no momento da aprobación da Lei da Área Metropolitana. Resulta evidente que non se pode consensuar un acordo si non se teñen en conta as achegas dos distintos grupos políticos.

O Bloque Nacionalista Galego, aínda así, é partidario do desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo, como ferramenta para unha mellor prestación de servizos aos ha-

bitantes da mesma, non empregándoa como ferramenta partidista, sexa contra a Xunta por parte do Alcalde de Vigo, ou á inversa. A Lei, no seu capítulo 4º non contempla o financiamento, máis aló das aportación dos distintos concellos e os posibles tributos propios, o que representa a total inhibición do restos das administracións na súa contribución económica para garantir o funcionamento e a súa solvencia financeira. Coa entrada do Bloque Nacionalista Galego na Diputación de Pontevedra, un dos eixos fundamentais do acordo de goberno foi precisamente o baleirado de competencias, como paso previo á súa definitiva desaparición, potenciando precisamente as áreas metropolitanas e os concellos.

Por todo isto o Bloque Nacionalista Galego abstívose na aprobación da moción partidista do Partido Popular, perdendo unha excelente ocasión para consensuar un acordo.

Solicitud de grupo plurinacional no Congreso

En Marea tece unha alianza coas forzas de cambio do resto do Estado como solución perante o inmovilismo da Mesa do Congreso controlada polas forzas do vello réxime

En Marea, que se presentou con voz propia ás eleccións xerais do 20D, resolveu o bloqueo da Mesa do Congreso ao grupo parlamentario creando unha alianza estratéxica e fraternal coas forzas que no resto do Estado trouxeron o cambio e a ruptura coa vella política: o grupo plurinacional Podemos-En Comú Podem- En Marea.

"Esgotamos as vías de diálogo e atopamos unha negativa rotunda a entender a realidade plurinacional. Non quixemos deixar que nos seguisen marcando o camiño e a creatividade fíxonos buscar unha solución cos demais aliados pola ruptura co Réxime. Esta é a mellor opción dentro das posibles para representar as diferentes voces que saíron do 20D. Os partidos do búnker seguirán sen entender nada", declarou a portavoz de En Marea Alexandra Fernández.

"Hai xente que se cre que é propietaria desta casa e pensa que pode xogar coa vontade de millóns de votantes. Non quixemos seguir sendo marionetas e estamos satisfeitos con esta alianza, pero ningún punto chegamos a pensar que o PSOE estaba negociando a súa investidura cun tema

tan serio", denunciou o portavoz de En Comú Podem Xavier Domènech.

"Trátase dun grupo plurinacional de organización confederal para traballar de igual a igual. Enfronte había nula vontade política por parte de organizacións que apoiaron outras forzas e aplicaron un dobre raseiro. Foi a proba definitiva de que non era unha cuestión legal senón unha excusa", engadiu o portavoz de Podemos, Íñigo Errejón.

A Agrupación Parlamentaria En Marea, integrada no Grupo Plurinacional en pé de igualdade co resto das forzas, suporá na práctica que Galicia e os seus intereses teñan voz propia no Congreso dos Deputados e a cidadanía galega estea representada: portavocía propia, participación en debates, axenda propia, entidade xurídica e independencia política e económica.

Dende En Marea lamentamos que a Mesa do Congreso non teña estado á altura da súa responsabilidade e que priorizara intereses partidarios fronte á vontade expresada polo pobo galego nas eleccións do pasado 20D.

A portavocía da Agrupación Parlamentaria En Marea, que será rotatoria, corresponderá inicialmente a Alexandra Fernández.



“Sombra de luna”, de “Koki” presentado na Casa de Galicia en Madrid

O acto contou coas intervencións de Vicente Araguas, Antonino Nieto e Basilio Cañada



■ O poeta Francisco Álvarez KOKI co seu libro “SOMBRA DE LUNA”

“Sombra de Luna, é a metamorfose interior da alma do poeta. É unha vida en moitas vidas que deambulando desde Harlem á Quinta soñan e sofren diariamente, no limbo das palabras”. Desta forma define o seu libro o poeta galego afincado en Nova York desde os anos oitenta, Francisco Álvarez “Koki”. A obra, a duodécima do autor, compón 72 poemas que reflicten as inxustizas, ilusións, amor e dor sobre as vivencias na cidade dos raiños.

No acto interviñeron o coordinador de Actividades, Ramón Jiménez, en nome do director da Casa, seguido do presidente do Grupo Editorial Sial Pigmalión, Basilio Rodríguez; o crítico literario e poeta Vicente Araguas; o poeta e xestor cultural Antonino Nieto; e o propio autor, Francisco Álvarez “Koki”. Rodríguez Cañada sinalou que o autor “fusiona os recordos e lembranzas da adolescencia e primeira mocidade en terras galegas coa fascinación e o descu-

brimento da Gran Mazá. Sintetiza a experiencia do desarraigamento coa literatura en xeral e a poesía en particular, nunha obra que tamén é unha homenaxe aos seus autores de referencia”. Para Vicente Araguas, “Koki é un poeta que está fóra, pero que nunca estivo fóra, porque a súa poesía é como estar na casa, pero coa lúa dentro”. Mentres, Antonino Nieto, que recitou algúns dos seus poemas, define a obra como “o fogar: o oco profundo da terra: recordos

entre sabas de tempo” e a Koki, “nese arcón da alma do que tanto fala no libro sala de espellos, varre mares embrutecidos, rompe sanador o ouro dos fusís”. Pola súa banda, para Francisco Álvarez “Koki”, que é autor dunha ducia de libros, deles varias antoloxías de escritores hispanos en Nova York, esta obra é “unha canción en parto de trinta anos, agarrado á saia da dor e do goce” e na que aparecen moitos aspectos da vida que ilustrou con algúns poemas como, Despertar, “onde os minutos, son un

afiche do demo”. En Ausencias, fai unha homenaxe ás Nais da Praza de Maio, e nel pide e berra “pechar esta necrolóxica”. Tamén están os temas propiamente da cidade. En Luna llena, “o vento da paixón é un trasgo solitario”. Manuel, dedicado a un xornalista amigo asasinado polos narcos. Ou en Broadway, onde a rúa é un río de xente, con diferentes historias. “En Sombra de Luna, abro o corazón para que leamos como dicía Lorca ao duende, o duende de Sombra de Luna”, dixo.



■ Na mesa, Antonino Nieto, Fco. Álvarez KOKI, Ramón Jiménez. Vicente Araguas e Basilio R. Cañada

A poeta coruñesa Pepa Nieto presentou “Nacer del fuego”



Medio centenar de persoas acudiron á presentación do libro “Nacer del fuego” da polifacética artista coruñesa afincada en Madrid Pepa Nieto. Na primeira parte da obra están os poemas eróticos inéditos mentres que na segunda están

reunidos os xa publicados en libros anteriores da mesma temática. O coordinador de Actividades da Casa Ramón Jiménez lembrou nas súas palabras que Pepa Nieto ten “vocación de artista total, pois á súa condición de poeta de recoñecido prestixio, con numerosos

libros de calidade (algúns dos cales se presentaron nesta mesma sala) debe engadirse a súa faceta, non menos importante, de escultora de exquisita sensibilidade”.

Sinalou ademais que Pepa Nieto é xa “un nome de referencia na

vida cultural madrileña, á que vén achegando desde hai anos o faladoiro Arco poético, polo que van pasando aos poucos as mellores voces da lírica que podamos atopar”.

Para o coordinador, Nacer del fuego “é un poemario dunha gran carga erótica, un libro carnal e apaixonado, unha verdadeira celebración da sensualidade”.

O editor Juan José Martín, tras os agradecementos, especialmente á Casa de Galicia pola “súa sempre cariñosa acollida”, destacou o feito de que a autora “seleccionase de toda a súa ampla produción precisamente a poesía erótica, que ten unha forza especial”.

Para o doutor en Filoloxía Románica, escritor e profesor da Complutense José Montero Padilla, Pepa Nieto é “unha poeta verda-

deira”. Utiliza “expresións expresivas desa realidade de sentimentos que tan diversos poden ser e que conflúen nesa palabra, amor”.

A autora mostrouse moi ilusionada con este novo libro, porque é “unha obra, digamos, arriesgada”.

Como homenaxe aos moitos galegos que acudiron ao acto recitou en galego Isto é o norte, dedicado a Galicia, do seu libro Antes y después, el mar. Do mesmo libro seleccionou o que escribiu á súa nai cando a ingresaron no hospital por primeira vez durante a súa longa vida de 98 anos. “É un agasallo que quero renderlle no 1º aniversario do seu falecemento” dixo. A emoción impediulle facelo, e foi Ramón Jiménez o que se encargou de recitalo no seu nome.